Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 na partida orzamentaria 3410.4890005 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de

subvencións de Galicia. E a súa concesión canalizase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO durante a tempada deportiva 2021-2022 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB DEPORTIVO BOSCO para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2021-2022 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 84.500,00 € a favor da entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO co CIF: G36692317 e enderezo social en Ronda de Don Bosco, 33 bx (36202), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21192-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890005 do vixente orzamento.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022 (EXPTE. 21192/333).

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Juan Carlos Álvarez Pacios como presidente da entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO CIF: G36692317 e enderezo social en Ronda de Don Bosco, 33 bx (36202), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21192/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO durante a tempada 2021-2022. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría primeira, segunda e terceira (Liga Challenge), desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un piar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2021-2022.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do baloncesto feminino en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890005 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 84.500,00 €, a favor da entidade deportiva CLUB DEPORTIVO BOSCO.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os

intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO na tempada deportiva 2021-2022.

**VI.-** Que a entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 21192-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB DEPORTIVO BOSCO conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes**.**

## PACTOS

**Primeiro.-** A entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de baloncesto feminino na tempada 2021-2022.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais

federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO unha subvención por importe de 84.500,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890005 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2021-2022. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2021-2022 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que

abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2021-2022. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.
A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdicional

Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima primeira.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
   a O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
   b O acordo unánime dos asinantes.
   c A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
   d Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
   e O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

## 4(212).- REVISIÓN ORDINARIA PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15857/444.

Visto o informe xurídico do 15/03/2022 e o informe de fiscalización do 23/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 03/03/2022, asinado polo xefe de Área de

Inversións, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**<u>I.- ANTECEDENTES:</u>**

1.1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 22 de abril de 2.016, acordou a adxudicación á UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, do procedemento aberto para a contratación do mantemento das instalacións de alumeado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo, expdte.15857/444, por un prezo total de adxudicación de 9.119.168,03 euros (IVE incluído) e catro anos.

1.2.- Formalización do contrato.- Con data 26 de xullo de 2016 o Concello de Vigo formalizou o contrato coa UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU.

**<u>II.- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:</u>**

2.1.- O apartado 3 da cláusula 1 do PCAP, entre outras competencias lle asigna ao Responsable do Contrato; "*Proporen ó órgano de contratación as revisións de prezos, as modificacións contractuais e as prórrogas do contrato.*"

2.2.- A cláusula 31 do PCAP establece que:

> 1.- *Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ao responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.*
> *2.- O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.*
> *3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación*.

O apartado 3.j) das FEC establece que

> *Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe.*
> *Se aplicará o seguinte sistema de revisión:*
> - *So será obxecto de revisión de prezos a porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato. O resto dos conceptos que compoñan esta estrutura de custes non se revisarán.*
> - *Os prezos se revisarán sempre e cando se modifiquen as táboas salariais establecidas no convenio colectivo provincial del metal.*
> - *A porcentaxe de revisión será a mesma que experimenten as táboas salariais no citado convenio de aplicación ata o limite do 80% da porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato,*

*conforme o presuposto desglosado do mesmo presentado polo contratista no sobre B da súa oferta.*

- *O licitador deberá solicitar a revisión de prezos por escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello e acreditar documentalmente a variación experimentada polo convenio colectivo de aplicación.*
- *A revisión de prezos se efectuará nos termos e prazos previstos no capítulo II do Titulo III do Libro Primeiro do TRLCSP.*

2.3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de febreiro de 2022, entre outros asuntos acordou:

***Primeiro.-*** *Aprobar a revisión de prezos do contrato para o ano 2021 con aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2021 a favor da UTE LUZE VIGO con CIF U27832096 (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU como adxudicataria do contrato SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO, a cal despois da aplicación dos criterios de revisión lle corresponden un novo prezo anual para o ano 2021 de* ***2.356.032,13 € (IVE incluído)*** *de acordo os cálculos xustificados no expediente.*

*O incremento da revisión para o ano 2021, ascende a un importe de* ***21.670,78 €****, e para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria do vixente orzamento (ano 2022) 1650.227.99.03, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e necesario.*

***Segundo.-*** *Aprobar a revisión de prezos do contrato para o período do 1 de xaneiro de 2022 ate o 26 de xullo de 2022), a favor da UTE LUZE VIGO con CIF U27832096 (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU como adxudicataria do contrato SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO, a cal despois da aplicación dos criterios de revisión lle corresponden un novo importe de* ***1.360.627,32 € (IVE incluídos)*** *de acordo os cálculos xustificados no expediente.*

*O incremento da revisión para o ano 2022, ascende a un importe de* ***12.453,39 €****, e para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria do vixente orzamento (ano 2022) 1650.227.99.03, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e necesario.*

## III.- SOLICITUDE DE REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO POR UTE LUZE VIGO

3.1.- En data 16 de febreiro de 2022 a adxudicataria UTE LUZE VIGO (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, presentou no Rexistro do Concello de Vigo, solicitude de revisión ordinaria de prezos de conformidade coa cláusula 3.j) das FEC, en base á modificación do convenio provincial do metal das industrias sen convenio propio, de acordo a publicación no BOPPO (15/02/2022) do acordo da comisión negociadora das táboas salariais actualizadas para o ano 2022 do convenio de aplicación.

Esta solicitude de revisión para o ano 2022 atopase relacionada co CONVENIO COLECTIVO DE TRABALLO PARA EMPRESAS DO METAL SEN CONVENIO PROPIO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (ANOS 2020-2022). O presente convenio establece como prazo de vixencia dende o 1 de xaneiro de 2020 ate o 31 de decembro de 2022.

Dito convenio regula no artigo 45 os seguintes incrementos salariais para o ano 2022:

- Para o ano 2022 o 1,75% para el 2022 sobre os valores das táboas salariais de 2021.

E unha actualización salarial de acordo o seguinte criterio:

*a) Se a 31 de decembro 2021, o IPC real do devandito ano superase o 1,75% efectuarase unha actualización salarial no exceso sobre a citada cifra que exclusivamente servirá de base de cálculo para as táboas salariais do ano 2022.*

En relación a dito apartado e despois de comparar as táboas salariais do ano 2021 (publicadas no BOPPO de data 24 de setembro de 2021) e as táboas salariais para o ano 2022, (publicadas no BOPPO de data 15 de febreiro de 2022), o incremento salarial é dun 6,5 %, polo cal procede realizar unha revisión sobre os datos aprobados na XGL de data 10/02/2022

3.2.-Á vista da solicitude procede a revisión do prezo do contrato de acordo cos antecedentes e os seguintes cálculos:

a.- A cláusula 3.j) das FEC establece que "A porcentaxe de revisión será a mesma que experimenten as táboas salariais no citado convenio de aplicación ata o limite do 80% da porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato, conforme o presuposto desglosado do mesmo presentado polo contratista no sobre B da súa oferta."

c.- De acordo coa oferta presentada pola UTE LUZE VIGO (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, a porcentaxe do orzamento que se corresponde cos gastos de persoal foi determinado na táboa presentada dentro do apartado nº 4 "Presuposto do servizo", na cal se indican en porcentaxes todas as partidas de gasto, **correspondéndolle ao persoal un 65,98 % do total do importe da oferta**.

En consecuencia a revisión do prezo de acordo con esta solicitude terá efectos dende o 1 de xaneiro do 2022, polo cal deberá de ser axustada en relación ao importe xa aprobado para o ano 2022 na Xunta de Goberno Local de 10/02/2022, en base cos seguintes datos:
*Cálculos para a revisión do prezo do ano 2022:*

| | Datos aprobados XGL 10/02/2022 | Novo Calculo (incremento +6,5%) |
|---|---|---|
| Importe anual ano 2021 | 2.356.032,13 € | 2.356.032,13 € |
| **Importe sen IVE (1)** | **1.947.133,99 €** | **1.947.133,99 €** |
| Gastos de persoal 65,98% | 1.284.719,01 € | 1.284.719,01 € |
| 80% dos gastos de persoal | 1.027.775,21 € | 1.027.775,21 € |
| 1,75% para o ano 2022 - **Novo 6,5 %** (2) | 17.986,07 € | 66.805,39 € |
| Novo importe anual (1) + (2) sen IVE | 1.965.120,06 € | 2.013.939,38 € |
| **IVE** | **412.675,21 €** | **422.927,27 €** |
| **Novo importe anual con IVE** | **2.377.795,27 €** | **2.436.866,65 €** |

Sendo de aplicación como novo importe mensual dende o 1 de xaneiro de 2022 de acordo cos seguintes datos:

| | Importe mensualidades ano 2022 (acordo XGL 10/02/2022) | Novo importe de mensualidades ano 2022 |
|---|---|---|
| 2022 Xaneiro | 198.149,61 € | 203.072,22 € |
| 2022 Febreiro | 198.149,61 € | 203.072,22 € |
| 2022 marzo | 198.149,61 € | 203.072,22 € |
| 2022 Abril | 198.149,61 € | 203.072,22 € |
| 2022 Maio | 198.149,61 € | 203.072,22 € |
| 2022 Xuño | 198.149,61 € | 203.072,22 € |
| 2022 Xullo (26 días) | 171.729,66 € | 175.995,92 € |
| | **1.360.627,32 €** | **1.394.429,24 €** |

O novo importe para o prazo da prórroga correspondente o ano 2022 (período do 1 de xaneiro de 2022 ate o 26 de xullo de 2022) implica un incremento sobre o importe aprobado de mesmo período do ano 2022, pola XGL de data 10/02/2022 de **33.801,92 €**

## *IV.- APLICACIÓN DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS DA REVISIÓN DE PREZOS*

O artigo 94 do TRLCSP establece que "O importe das revisións que procedan se fará efectivo, de oficio, mediante o abono ou o desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando podan incluírse nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

A cláusula 31 do Prego de Prescricións Administrativas Particulares establece que *o importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.*

REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO PARA O ANO 2022: En base os cálculos xustificados neste informe, da revisión de prezos para o ano 2022 procede:

Determinar como novo importe do contrato para o prazo da prorroga correspondente o ano 2022 (período do 1 de xaneiro de 2022 ate o 26 de xullo de 2022) o de **1.394.429,24 € (IVE incluído)**, sendo de aplicación como novo importe mensual dende o 1 de xaneiro de 2022 os seguintes:

| No importe para as mensualidades ano 2022 | | |
|---|---|---|
| 2022 | Xaneiro | 203.072,22 € |
| 2022 | Febreiro | 203.072,22 € |
| 2022 | marzo | 203.072,22 € |
| 2022 | Abril | 203.072,22 € |
| 2022 | Maio | 203.072,22 € |
| 2022 | Xuño | 203.072,22 € |
| 2022 | Xullo (26 días) | 175.995,92 € |
| | | **1.394.429,24 €** |

Polo exposto o importe da revisión de prezos en relación ao ano 2022 implica un incremento sobre o importe aprobado no acordo da XGL do 10/02/2022 de **33.801,92 €**

**VII.- PROPOSTA.-**

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) o réxime das prórrogas rexerase pola normativa anterior.

O presente contrato regulase polo establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo cal o órgano de contratación competente para aprobar a revisión de prezos é a Xunta de Goberno Local de acordo co previsto na Disposición Adicional 2ª do TRLCSP.

Previamente a remitir expediente á Secretaría da Xunta de Goberno Local, para a súa inclusión no orde do día, a Intervención Xeral deberá emitir informe de fiscalización favorable.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a revisión de prezos do contrato para o período do 1 de xaneiro de 2022 ate o 26 de xullo de 2022), a favor da UTE LUZE VIGO con CIF U27832096 (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU como adxudicataria do contrato SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO, a cal despois da aplicación dos criterios de revisión lle corresponden un novo importe de **1.394.429,24 € (IVE incluídos)** de acordo os cálculos xustificados no expediente.

O incremento da revisión para o ano 2022, en relación ao importe aprobado para este mesmo prazo na XGL de data 10/02/2022 ascende a un importe de **33.801,92 €**, e para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria do vixente orzamento (ano 2022) 1650.227.99.03, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e necesario.

**Terceiro.-** O presente acordo comunicarase ao Servizo de Contratación, á Intervención Xeral e ao contratista aos efectos oportunos, con ofrecemento a este último dos recursos previstos na vixente lexislación.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(213).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2022. EXPTE. 18961/77.**

Visto o informe de fiscalización do 24/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 22/03/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución 25/11/2021) o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I. Obxecto:**

A Concellería de Cultura e Emprego pon en marcha a presente convocatoria de **Axudas Municipais á Contratación 2022**, dando continuidade á súa actividade de fomento do emprego, como medida de apoio tanto ás empresas como ás persoas traballadoras empadroadas no Concello de Vigo sexan desempregadas ou non, favorecendo a súa inserción laboral ou a súa estabilidade no emprego, en aplicación das políticas activas de emprego desenvolvidas no seu ámbito territorial.

**II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles

recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (*apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (*apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

**III. Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

A persoa solicitante poderá optar a esta convocatoria de axudas nas seguintes modalidades:

> **A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)**: como nas anteriores convocatorias, estas axudas dirixiranse a beneficiarios/as que transformen en indefinidos os contratos formalizados, xunto coas súas prórrogas, no período comprendido dende o 1 de xaneiro e ata o 15 de xullo de 2022, a persoas traballadoras, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo, atendendo ás bases e a convocatoria que se achegan no expediente.

**B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)**: nesta modalidade, as axudas dirixiranse a beneficiarios/as que contraten, a persoas traballadoras desempregadas empadroadas no municipio de Vigo. Comprenderá as contratacións que se realicen dende o 1 de xaneiro e ata o 15 de xullo de 2022 e requirirá, con anterioridade á contratación, a selección da persoa a contratar a través da presentación da correspondente oferta de emprego ante a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante o Servizo Público de Emprego (SPEG).

**IV. Finalidade**:

A presente convocatoria pretende apoiar e reforzar a ocupabilidade da cidadanía empadroada no Concello de Vigo, pero con especial atención aos colectivos máis vulnerables no mercado laboral e con maior dificultade de acceso ao mesmo.

Atendendo ás taxas de actividade e á experiencia da Concellería de Cultura e Emprego, defínense os seguintes colectivos preferentes e, por outro lado habituais nas políticas activas de emprego: mulleres, menores de 30 anos e maiores de 45 anos, persoas con discapacidade e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social. Neste sentido as contías das axudas resultan de valorar cada unha destas situacións de xeito específico, ademais de ter presentes outros criterios como son a contratación do primeiro empregado e ser usuario da Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Asemade, nesta convocatoria mantense o incentivo ás empresas que reúnan as características de micropeme.

**V. Procedemento de concesión da subvención:**

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, en calquera dos seus programas, no réxime de **concorrencia competitiva**, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

**VI. Contido**:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Na *base 2ª, apartado a.1. e b.1 Beneficiarios*: modifícase a presentación das características de cada modalidade de axuda para favorecer a súa comprensión na presentación de solicitudes.

Na *base a.1* se especifica que o contrato inicial previo á transformación teña unha duración *"efectiva acreditada"* de 3 meses ou máis de duración, que tamén se reflicte na *base a.2.8,* así como que o contrato indefinido teña unha duración igual ou superior *"á do contrato que lle precede"* coa finalidade de dar claridade na interpretación deste requisito.

Na *base b.1.* se engade a necesidade de que *"- Todas as contratacións deberán ir precedidas, inescusablemente, do procedemento de selección indicado nestas bases.*

*Para as contratacións de persoal realizadas dentro do período subvencionable (a partir do 1/01/2022) e antes da publicación desta convocatoria de subvencións, as entidades solicitantes da axuda deberán acreditar a presentación da oferta de emprego no SPEG e na Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego debendo concorrer, en todo caso, no persoal contratado, os requisitos da convocatoria. "*

Mantense a condición de que as empresas solicitantes afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) reiniciaran a súa actividade empresarial e incorporado á totalidade do persoal afectado coa xornada laboral preexistente.

- Se suprimen a *base b.2.7* e a *base b.4.5* atendendo a que na formalización dos contratos a administración correspondente comproba o cumprimento destes requisitos, polo que tamén se suprime o apartado *d)* da *base b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento*. Ao suprimir estes apartados se actualiza a numeración dos seguintes.

- Na *base 2ª, apartado b.3 Tipos e contías da axuda* se elimina a axuda para contratos de duración de nove meses ou máis consecuencia da entrada en vigor da nova reforma laboral.

- Nas *bases a.5.1. e b.5.1. Solicitude* sintetízase o seu contido o que non resta a súa comprensión e cumprimento.

- Nas *bases a.6.* e *b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento,* no apartado 5, o prazo de dez días para comunicar a aceptación ou renuncia e a xustificación da subvención contarase desde o día seguinte ao da publicación do seu outorgamento. Tamén se adianta a data correspondente ao prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a axuda.

- Nas *bases a.7 e b.7 Alteración das condicións de concesión* modifícase a forma de presentación do contido, así como dos prazos para o seu cumprimento para acadar maior claridade e concreción na súa interpretación. Por outro lado, para os casos de substitución por unha nova persoa traballadora se especifica que o seu perfil corresponda a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente ao da persoa que deixa o seu posto vacante.

Finalmente, o prazo para comunicar a nova contratación contarase desde *"a data de inicio do contrato da persoa traballadora substituta".*

- Na *Base 3ª. Exclusións* e incompatibilidades se incorpora un último parágrafo *"As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada."*

Na *Base 5ª.c. Infraccións e sancións* se actualiza o seu contido.

Na *Base 9ª. Disposición adicional se incorpora o parágrafo "No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción."*

Na *Base 10ª. Disposición final* se incorpora un novo parágrafo que recorda a necesidade de aportar toda a información e documentación que sexa requirida a efectos de fiscalización e control das subvencións.

En xeral, realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.

**VII. Normativa de aplicación:**

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2022 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**VIII. Contía total e crédito orzamentario:**

Para a convocatoria do ano 2022 destas "Axudas Municipais á contratación" destínase un importe total de **150.000,00€** (cento cincuenta mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación" do vixente orzamento que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

A Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de **125.000,00€** (cento vinte e cinco mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

B Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de **25.000,00€** (vinte e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

O límite máximo de subvención por empresa solicitante non poderá exceder, polo conxunto das contratacións e/ou transformacións de contrato realizadas, de 10.000,00 €, agás que polo número de solicitudes a conceder non se esgotase o crédito orzamentario e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

**IX. Publicidade:**

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Axudas Municipais á Contratación“ e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web (www.vigo.org).

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

**X. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

**XI. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto por importe total de 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700006 "Axudas á contratación" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2022.

**SEGUNDO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Contratación 2022, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente.

**TERCEIRO**: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria das “Axudas Municipais á Contratación” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2022**

## BASES REGULADORAS

**ÍNDICE**

**BASE 1ª. OBXECTO**

**BASE 2ª. PROGRAMAS DE AXUDAS**

**A. PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (PROGRAMA INDEFINIDOS)**
- **a.1. Beneficiarias**
- **a.2. Requisitos**
- **a.3. Tipos e contías da axuda**
- **a.4. Obrigas**
- **a.5. Solicitude, documentación e prazo de presentación**
- **a.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento**
- **a.7. Alteración das condicións de concesión**

**B. PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (PROGRAMA CONTRATACIÓNS)**
- **b.1. Beneficiarias**
- **b.2. Requisitos**
- **b.3. Tipos e contías da axuda**
- **b.4. Obrigas**
- **b.5. Solicitude, documentación e prazo de presentación**
- **b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento**
- **b.7. Alteración das condicións de concesión**

**BASE 3ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES**

**BASE 4ª. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN**

**BASE 5ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

**BASE 6ª. PUBLICIDADE**

**BASE 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

**BASE 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN**

**BASE 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL**

**BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL**

**ANEXOS**

**ANEXO I. SOLICITUDE**

**ANEXO II. CONSULTA DO PADRÓN MUNICIPAL**

**ANEXO III. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INFORMACIÓN DA CONDICIÓN DE MICROPEME**

**ANEXO IV. OFERTA DE EMPREGO**

**ANEXO V. RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN (P. CONTRATACIÓNS)**

**ANEXO VI. INFORMACIÓN Á PERSOA TRABALLADORA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

## AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2022
## BASES REGULADORAS

### BASE 1ª. OBXECTO

As presentes bases reguladoras e a convocatoria do programa de ”AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN” no marco da actuación municipal para o ano 2022, ten por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación das persoas traballadoras do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas traballadoras máis vulnerables o seu acceso ao emprego que permita mellorar o seu grao de empregabilidade na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

A Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)

B Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

### BASE 2ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

## A) PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (PROGRAMA INDEFINIDOS)

### a.1. Beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, con independencia da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

As empresas solicitantes afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) deberán ter reiniciado a súa actividade económica coa incorporación da totalidade do persoal afectado polo ERTE e restablecendo a xornada laboral preexistente agás as extincións de contrato por despido disciplinario, dimisión, xubilación, incapacidade permanente, expiración do tempo convido ou a realización da obra ou servizo que constitúe o seu obxecto..

**Características do programa:**

- Comprende a **transformación a indefinido** no período comprendido **desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2022** do contrato previo formalizado xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes realizado á persoa traballadora pola que se solicita a axuda.

- O contrato formalizado, xunto coas súas prórrogas, previo a súa transformación a indefinido terá unha duración efectiva acreditada de 3 ou mais meses de duración e unha xornada laboral superior ou igual a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación previo a súa transformación á modalidade de indefinido.

- A xornada laboral do novo contrato indefinido será superior ou igual á xornada do contrato temporal do que deriva.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda estará empadroada no municipio de Vigo alo menos desde o 1 de outubro de 2021, e prestará servizos no mesmo.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base a.3. Tipos e contías da axuda.*

### a.2. Requisitos

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as persoas emprendedoras autónomas e as empresas que reúnan os seguintes requisitos:

a.2.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

a.2.2 Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

a.2.3. A persoa beneficiaria non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (agás os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

a.2.4. Acreditar no momento da solicitude a transformación da contratación temporal en indefinida de persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo alo menos desde o 1 de outubro de 2021.

a.2.5. As condicións para o incremento da contía da axuda segundo o colectivo no que se encadre a persoa traballadora deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.

a.2.6. Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos cando tivese transcorrido máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

a.2.7. A xornada do novo contrato indefinido será superior ou igual á xornada do contrato temporal do que deriva.

a.2.8. A duración do contrato temporal inicial será de 3 ou máis meses de traballo efectivo acreditado e terá unha xornada superior ou igual a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación (excepto na modalidade de contrato fixo-descontinuo, que poderá ter unha duración inferior á xornada a tempo completo en cómputo anual ou por circunstancias excepcionais debidamente motivadas que serán avaliadas pola Comisión de Valoración).

a.2.9. Que se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. A persoa interesada poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social que se reflectirá no Anexo I. Noutro caso, xuntará a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

A solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social,e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.

a.2.10. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

**a.3. Tipos e contías da axuda**

| TRANSFORMACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO | CONTÍA |
|---|---|
| Persoa traballadora empadroada en Vigo[1] | 2.000,00 € |
| **INCREMENTO POR COLECTIVO[2]** | **CONTÍA** |
| • Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos[3] | 500,00 € |
| • Muller | 500,00 € |
| • Vítima de violencia de xénero[4] | 500,00 € |
| **Importe Máximo Total** | **3.500,00 €** |

1 Persoas empadroadas no municipio de Vigo, alo menos desde o 01/10/2021.
2 O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.
3 A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.
4 Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

Ás **persoas emprendedoras autónomas e micropemes (*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500€** sobre o total da contía da axuda resultante que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas dúas modalidades desta axuda.

| DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE | CONTÍA |
|---|---|
| Persoa emprendedora autónoma e micropeme[5] | 500,00 € |

(5) Empresa cun persoal inferior a 10 traballadores e un volume de negocio inferior a 2 millóns de euros.

Os importes de subvención detallados nas táboas corresponden á transformación a contratos indefinidos a xornada completa. No caso de contratos a xornada parcial o importe da subvención será proporcional á porcentaxe da xornada laboral, sempre que teñan unha duración igual ou superior a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación. Como caso excepcional e previa xustificación, que será avaliada pola Comisión de Valoración, poderase subvencionar contratacións cunha xornada laboral de duración mínima inferior.

O límite máximo de subvención por empresa solicitante non poderá exceder, polo conxunto das transformacións de contrato realizadas, de 10.000,00 €, agás que polo número de solicitudes a conceder non se esgotara o crédito orzamentario e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

O crédito non liberado neste programa poderase destinar para incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

**a.4. Obrigas**

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 LXS e 11 LSG, as que seguen:

a.4.1. De ser o caso, acreditar a pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados no apartado a.3 para o incremento da axuda.

a.4.2. Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

a.4.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. Poderase incrementar a devandita xornada, ao abeiro do establecido na lexislación laboral e, de acordo cos límites establecidos na base 2ª, apartado a.7 destas Bases reguladoras e convocatoria. Igualmente, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter ou superar a xornada pactada para a persoa traballadora substituta.

a.4.4. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

a.4.5. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dous anos desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2ª,  apartado a.7.

a.4.6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

a.4.7. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

As empresas solicitantes afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) deberán ter reiniciado a súa actividade económica coa incorporación da totalidade do persoal afectado polo ERTE e restablecendo a xornada laboral preexistente agás as extincións de contrato por despido disciplinario, dimisión, xubilación, incapacidade permanente, expiración do tempo convido ou a realización da obra ou servizo que constitúe o seu obxecto.

a.4.8. As persoas traballadoras por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos polo Concello de Vigo, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

a.4.9. Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e deberá manterse exposto ata o 31 de maio de 2023.

a.4.10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

a.4.11. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a

Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### a.5. Solicitude, documentación e prazo de presentación

#### a.5.1. Solicitude

**Os solicitantes obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga ,

A solicitude de subvención, debidamente cumprimentada e asinada electronicamente polo representante legal da empresa, segundo o especificado na base a.5.2 e os modelos oficiais aprobados nestas bases estarán dispoñibles na páxina web www.vigo.org.

**Os solicitantes non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

#### a.5.2. Documentación

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

Documentación relativa á empresa:

a **Anexo I. Solicitude**: con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico que deberán indicar para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b **As persoas xurídicas** achegarán **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.

c **Informe de vida laboral do código de conta de cotización** onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, con data posterior á transformación do contrato temporal a indefinido para o que se solicita a subvención.

d De ser o caso, **documento acreditativo do reinicio da actividade económica** coa incorporación da totalidade do persoal afectado polo ERTE e restablecendo a xornada laboral preexistente.

e **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme,** se procede.

Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

f Copia dos **contratos de traballo** (inicial, prórrogas, e transformación da modalidade de contrato a indefinido) no modelo que se estableza e rexistrados na Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.

g **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza** da persoa traballadora **a algún dos colectivos especificados na base 2ª, apartado a.3.** destas bases reguladoras e convocatoria.

h **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención **ou**, no seu defecto, **volante de empadroamento** correspondente

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:
- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- Os **anexos asinaranse electrónicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

O/a solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás oposición do interesado. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou doutros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta *base a.5,* seralle requirida á solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido, arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

**a.5.3. Prazo de presentación**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e **ata ó 22 de xullo de 2022.**

Concello de Vigo

### a.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.

2. O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

3. En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da súa solicitude e será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

4. A **resolución** do procedemento será obxecto de **publicación na páxina web do Concello de Vigo** www.vigo.org**, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.** As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos, os prazos contaranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

5. A beneficiaria da axuda está obrigada, **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao da súa publicación a comunicar á unidade Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo sinalado:

1 **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**

2 **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**

3 **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o cartel informativo que manterase exposto cando menos ata o 31 de maio de 2023.

O prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata o 30 de outubro de 2022.

**A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada do seguimento da execución da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, que poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa adecuada xustificación ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desestimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

### a.7. Alteración das condicións de concesión

1. Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.5.

2. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se solicita a subvención, con independencia da causa, previa ao seu outorgamento a empresa solicitante comunicará este feito no prazo de 5 días naturais desde a data do cese e procederá a desistir da súa solicitude.

3. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora, cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente:

- por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída no prazo de 10 días naturais seguintes ao cese ou no seu defecto,

- por medio dunha contratación indefinida inicial realizada a unha persoa desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente que reúna os requisitos da presente convocatoria dentro dos 10 días naturais seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao especificado nestas bases reguladoras/na base b.1 e b.2.5).

No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego se subministrase candidatura co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e características da persoa substituída pola que se lle concedeu a axuda.

A nova contratación comunicarase á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

A beneficiaria dispón dun prazo de 5 días naturais, que se contará desde a data de inicio do contrato da persoa traballadora substituta, para comunicar á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación, e deberá acreditar:

- **Declaración responsable da causa da extinción contractual** da persoa traballadora contratada inicialmente ou baixa da persoa contratada inicialmente.
- **Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora** expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
- **Contrato de traballo da nova persoa traballadora** comunicado á correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.

- No suposto de non proceder á cobertura da vacante da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda procederá reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto a.4.5 e a LXS.

## B) PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (PROGRAMA CONTRATACIÓNS)

### b.1. Beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

**Características do programa:**

- Comprende a a contratación por conta allea, no período comprendido **entre o 1 de xaneiro e o 15 de xullo de 2022,** de persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo.

- O contrato subscrito terá unha duración mínima de 3 meses e unha xornada laboral superior ou igual a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio de aplicación.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda resultará seleccionada entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e desde o Servizo Público de Emprego de Galicia aos que previamente se lles remitirá a correspondente oferta de emprego. No caso de falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a con-

tratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que se determinen na data do inicio do contrato polo que se solicita a axuda: estar inscrita no Servizo Público de Emprego, estar empadroada no Concello de Vigo alo menos desde o 1 de outubro de 2021, e prestar servizos no municipio.

- A beneficiaria verá incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo a duración do contrato, as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base b.3. Tipos e contías das axudas.*

- Todas as contratacións deberán ir precedidas, inescusablemente, do procedemento de selección indicado nestas bases.

Para as contratacións de persoal realizadas dentro do período subvencionable (a partir do 1/01/2022) e antes da publicación desta convocatoria de subvencións, as entidades solicitantes da axuda deberán acreditar a presentación da oferta de emprego no SPEG e na Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego debendo concorrer, en todo caso, no persoal contratado, os requisitos da convocatoria.

- As empresas solicitantes afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) deberán ter reiniciado a súa actividade económica coa incorporación da totalidade do persoal afectado polo ERTE e restablecendo a xornada laboral preexistente agás as extincións de contrato por despido disciplinario, dimisión, xubilación, incapacidade permanente, expiración do tempo convido ou a realización da obra ou servizo que constitúe o seu obxecto.

**b.2. Requisitos**

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as persoas emprendedoras autónomas e as empresas que reúnan os seguintes requisitos:

b.2.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

b.2.2 Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

b.2.3. O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (agás os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

b.2.4. As persoas a contratar polo beneficiario deberán ser persoas desempregadas inscritas no servizo Público de Emprego, agás as persoas traballadoras desempregadas afectadas por un ERTE, e estar empadroadas no municipio de Vigo, alo menos desde o 1 de outubro de 2021.

b.2.5. Con carácter previo á contratación, solicitarán as candidaturas para a selección da/s persoa/s traballadora/s desempregada/s a contratar ante a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante a oficina do servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) mediante a presentación, da correspondente oferta de emprego.

b.2.6. A condición para o incremento da contía da axuda segundo o colectivo no que se encadre a persoa traballadora deberá concorrer na data de inicio da relación laboral.

b.2.7. Que se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. A interesada poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social que reflectirá no Anexo I. Noutro caso, xuntará a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

A solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, a solicitante desta axuda autoriza á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.

b.2.8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

**b.3. Tipos e contías da axuda**

| CONTRATO | 3 MESES | SUPERIOR OU IGUAL A 6 MESES |
|---|---|---|
| Persoa desempregada empadroada en Vigo [1] | 1.500,00 € | 3.000,00 € |
| **INCREMENTO POR COLECTIVO[2]** | | |
| • Primeiro empregado/a da empresa<br>• Persoas menores de 30 anos e/ou maiores de 45 anos[3]<br>• Muller<br>• Persoa con discapacidade[4]<br>• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social[5]<br>• Participante de programa da concellería | 200,00 € | 400,00 € |
| Vítima de violencia de xénero | 200,00 € | 400,00 € |
| **Importe Máximo Total** | **1.900,00 €** | **3.800,00 €** |

(1) Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e empadroadas no municipio de Vigo, cando menos, desde o 01/10/2021.
(2) O incremento da axuda por colectivo non será acumulativo, agás o colectivo de VVD.

(3)A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da formalización do contrato.
(4) A acreditación do grao de discapacidade deberá presentarse de xeito documental.
(5) Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

Todas as contratacións deberán ir precedidas, inescusablemente, do procedemento de selección previsto conforme a *Base b.1* e *b.2*.

As **persoas emprendedoras autónomas e micropemes (*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500€** sobre o total da contía da axuda resultante que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas dúas modalidades desta axuda.

| DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE | CONTÍA |
|---|---|
| Persoa emprendedora autónoma e micropeme[6] | 500,00 € |

(6) Empresa cun persoal inferior a 10 traballadores e un volume de negocio inferior a 2 millóns de euros.

Os importes de subvención detallados nas táboas corresponden a contratos a xornada completa. No caso de contratos a xornada parcial o importe da subvención será proporcional á porcentaxe da xornada laboral, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou o 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación. Como caso excepcional e previa xustificación, que será avaliada pola Comisión de Valoración, poderase subvencionar contratacións cunha xornada laboral de duración mínima inferior.

O límite máximo de subvención por empresa solicitante non poderá exceder, polo conxunto das contratacións realizadas, de 10.000,00 €, agás que polo número de solicitudes a conceder non se esgotara o crédito orzamentario e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

O crédito non liberado neste programa poderase destinar para incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

### b.4. Obrigas

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas nos artigos 14 LXS e 11 da LSG, as que seguen:

b.4.1. De ser o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos xa especificados no apartado b.3 para o incremento da axuda.

b.4.2. Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

b.4.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. Poderase incrementar a devandita xornada, ao abeiro do establecido na lexislación laboral e, de acordo cos límites establecidos na base 2ª, apartado b.7 destas Bases reguladoras e convocatoria. Igual-

mente, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter ou superar a xornada pactada para a persoa traballadora substituta.

b.4.4. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

b.4.5. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións do apartado b.7.

b.4.6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

b.4.7. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

As empresas solicitantes afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) deberán ter reiniciado a súa actividade económica coa incorporación da totalidade do persoal afectado polo ERTE e restablecendo a xornada laboral preexistente agás as extincións de contrato por despido disciplinario, dimisión, xubilación, incapacidade permanente, expiración do tempo convido ou a realización da obra ou servizo que constitúe o seu obxecto.

b.4.8. Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos polo Concello de Vigo, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

b.4.9. Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e deberá manterse exposto ata o **31 de maio de 2023**.

b.4.10.- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegada.

b.4.11. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### b.5. Solicitude, documentación e prazo de presentación

#### b.5.1. Solicitude

**Os solicitantes obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga, por calquera dos mecanismos de identificación e si-

natura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga,

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e deberán asinar electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

**Os solicitantes non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

**b.5.2. Documentación**

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

**Anexo I**. **Solicitude**: con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

As **persoas xurídicas** achegarán **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.

**Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención ou, no seu defecto, **volante de empadroamento** correspondente.

**Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme,** se procede.

**Anexo IV**. **Oferta de emprego** presentada ante o **Concello de Vigo**.

**Ficha de oferta de emprego** presentada ante o **SPEG**.

**Anexo V**. **Relación de persoas traballadoras polas que se solicita subvención**.

De ser o caso, **documento acreditativo do reinicio da actividade económica** coa incorporación da totalidade do persoal afectado polo ERTE e restablecendo a xornada laboral preexistente.

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:
- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- Os anexos **asinaranse electrónicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

O/a solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base b.5, seralle requirida á/ao solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, teráselle por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

**b.5.3 Prazo de presentación**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e **ata o 22 de xullo de 2022.**

**b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento**

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.

2. O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

3. En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s e será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

4. A **resolución** do procedemento será obxecto de **publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.** As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre ou-

tro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

5. A beneficiaria da axuda está obrigada, **no prazo de dez días** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, a comunicar á unidade Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo sinalado:

i **Copia do contrato de traballo** no modelo que se estableza e rexistrado nunha Oficina de Emprego do SPEG.

j **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, **con data posterior á concesión da axuda.**

k **Informe de Vida Laboral da persoa traballadora** obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.

l **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados no punto b.3.** destas bases e convocatoria.

m **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida**

n **Fotografía do cartel informativo da subvención** colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de maio de 2023.

O prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata o 30 de outubro de 2022.

**A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado

levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada do seguimento da execución da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, que poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa adecuada xustificación ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desestimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

**b.7. Alteración das condicións de concesión**

1. Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto b.4.6.

2. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se solicita a subvención, con independencia da causa, previa ao seu outorgamento a empresa solicitante comunicará este feito no prazo de 5 días naturais desde a data do cese e procederá a desistir da súa solicitude.

3. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e por un período de tempo equivalente ao que reste para a finalización do período estipulado inicialmente:

- por medio da incorporación dunha candidatura procedente do proceso de selección de persoal inicial, no prazo de 10 días naturais seguintes ao cese ou, no seu defecto,

- por medio da incorporación dunha nova persoa traballadora cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente que reúna os requisitos da presente convocatoria, dentro dos 10 días naturais seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao especificado nestas bases reguladoras/na *base b.1 e b.2.5*).

No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, se subministrase candidatura co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e características da persoa substituída pola que se lle concedeu a axuda

A beneficiaria dispón dun prazo de 5 días naturais, que se contará desde a data de inicio do contrato da persoa traballadora substituta, para comunicar á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación, e deberá acreditar:

• **Declaración responsable da causa da extinción contractual** da persoa traballadora contratada inicialmente ou baixa da persoa traballadora contratada inicialmente.

• **Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora** expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.

• **Contrato de traballo da nova persoa traballadora** comunicado á correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.

- No suposto de non proceder á cobertura da vacante da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda procederá reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto b.4.6 e a LXS.

## BASE 3ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- As relacións contractuais que se formalicen cos socios que posúan máis do 33% do capital social en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade mercantil, así como as que se subscriban con algún dos membros da Comunidade de bens ou da sociedade civil solicitante.

- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma sen asalariados e contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven con ela coma se non.

- Contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición da persoa contratada en empresas usuarias.

- Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

## BASE 4ª. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN

### 4.1. Instrución e tramitación das axudas

➢ O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e a publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

- A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

- Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista da cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local.

- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

O prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata o 30 de outubro de 2022.

**4.2. Comisión de Valoración e Seguimento**

A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas realizarase pola **Comisión de Valoración e Seguimento**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

•Presidente: O concelleiro delegado de Cultura e Emprego ou persoa en quen delegue.

•Vogais: - A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que actuará como secretaria.

- Un/Unha técnico/a da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

A comisión contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

O concelleiro delegado da área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida comisión.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirlle á beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións polas que se lle concedeu a subvención.

**4.3. Criterios obxectivos de adxudicación**

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de **concorrencia competitiva**, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario para iso.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

## BASE 5ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

**a.a Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro**

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada da unidade Desenvolvemento Local e Emprego.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

**a.b Renuncia**

A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura e Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.

**a.c Infraccións e sancións**

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o previsto na Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

## BASE 6ª. PUBLICIDADE

**6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas**

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

**6.2. Publicidade das subvencións concedidas**

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**6.3. Publicidade do financiamento público**

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un **cartel**, de forma visible, informativo da súa participación na convocatoria de **"Axudas Municipais á Contratación 2022"** do Concello de Vigo. A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o modelo normalizado do cartel. O cartel informativo da subvención manterase exposto, cando menos, ata o 31 de maio do 2023.

**BASE 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén serán obxecto das obrigas de publicación e poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas e beneficiarios poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, pe-

rante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

## BASE 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria rexerase polas súas Bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

## BASE 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 4700006 de Axudas á contratación do vixente orzamento, por un importe total de 150.000,00€ (cento cincuenta mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

**A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)** cunha contía de **125.000,00€** (centro vinte e cinco mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

**B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)** cunha contía de **25.000,00€** (vinte e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, denegaranse as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes**.**

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

## BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2022

**Primeiro. Obxecto**

O Concello de Vigo convoca o programa de ”AXUDAS Á MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN” no marco da actuación municipal para o ano 2022, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación das persoas traballadoras do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas traballadoras máis vulnerables o seu acceso ao emprego que permita mellorar o seu grado de empregabilidade na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

**A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)**, que comprende a transformación en indefinidos de contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2022** realizados a persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

**B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)**, que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2022** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

En ambos programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinarán a contía a conceder na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadroamento no municipio de Vigo, alo menos, desde o 1 de outubro de 2021.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da empresa (micropeme), da persoa a contratar e da duración da xornada de traballo, e no Programa Contratacións tamén terase en conta a duración do contrato de traballo.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha xornada laboral mínima, igual ou superior, de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación; no Programa Indefinidos o contrato previo á transformación terá unha duración non inferior a 3 meses de duración efectiva acreditada.

**Segundo. Beneficiarias**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

As empresas solicitantes afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) deberán ter reiniciado a súa actividade económica coa incorporación da totalidade do persoal afectado polo ERTE e restablecendo a xornada laboral preexistente agás as extincións de contrato por despido disciplinario, dimisión, xubilación, incapacidade permanente, expiración do tempo convido ou a realización da obra ou servizo que constitúe o seu obxecto.

**Terceiro. Réxime da convocatoria**
A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva

**Cuarto. Normativa e Bases reguladoras**
Esta convocatoria rexerase polas súas Bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Quinto. Contía**

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de **150.000,00 €** (cento cincuenta mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

**I) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)** cunha contía de **125.000,00€** (cento vinte e cinco mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

**II) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)** cunha contía de **25.000,00€** (vinte e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

O límite máximo de subvención por empresa non poderá exceder de 10.000,00 € en cada modalidade, agás que polo número de solicitudes a conceder non se esgotara o crédito orzamentario e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

**Sexto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e **rematará o 22 de xullo de 2022.**

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga,

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

**Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación**

A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada de revisar e avaliar as solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de nove meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Oitavo. Criterios de valoración**

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos determinados nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

**Noveno. Outros datos**

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

**Décimo. Publicación**

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE DD/MM/2022, POLO QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2022

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

**Primeiro. Beneficiarias**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

As empresas solicitantes afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) deberán ter reiniciado a súa actividade económica coa incorporación da totalidade do persoal afectado polo ERTE e restablecendo a xornada laboral preexistente agás as extincións de contrato por despido disciplinario, dimisión, xubilación, incapacidade permanente, expiración do tempo convido ou a realización da obra ou servizo que constitúe o seu obxecto.

**Segundo. Obxecto**

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de "Axudas municipais á contratación" no marco da actuación municipal para o ano 2022, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación das persoas traballadoras do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas traballadoras máis vulnerables o seu acceso ao emprego que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

**A) Programa Indefinidos**, que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2022** realizados a persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

**B) Programa Contratacións**, que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2022** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

En ambos programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinaran a contía a conceder na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadroamento no municipio de Vigo, alo menos, desde o 1 de outubro de 2021.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da empresa (micropeme), da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, e no Programa Contratacións tamén terase en conta a duración do contrato de traballo.

- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación e, ademais, no Programa Indefinidos o contrato previo á transformación terá unha duración non inferior a 3 meses de duración efectiva acreditada.

**Terceiro. Bases reguladoras**
Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do dd/mm/aaaa, e publicadas en https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é.

**Cuarto. Contía**
As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada Axudas á contratación dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de **150.000,00 €** (cento cincuenta mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

**A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)** cunha contía de **125.000,00€** (centro vinte e cinco mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

**B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)** cunha contía de **25.000,00€** (vinte e cinco mil euros**)** que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 06 – Axudas á contratación.

O límite máximo de subvención por empresa non poderá exceder de 10.000,00 € en cada modalidade, agás que polo número de solicitudes a conceder non se esgotara o crédito orzamentario e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**
O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e **rematará o 22 de xullo de 2022**.

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga

imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga,

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

**Sexto. Outros datos**
As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

## 6(214).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VIII" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 19086/77.

Visto o informe de fiscalización do 23/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 18/03/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución 25/11/2021) e polo o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. No DOG. núm. 46, do 8 de marzo, publicouse a Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código do procedemento TR353A).

1. Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do desemprego nas persoas maiores de 18 anos. A Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de Castrelos", "Mar de Vigo" -I, II,III e IV- , Escola Obradoiro "Vigozoo" -I, obradoiro de emprego "Vigozoo" -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil "Formaweb I, II e III", Obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA" I, II, III, IV, V e VI" ) un novo proxecto o Obradoiro de Emprego "**VIGO CAPACITA VIII**", propoñendo as especialidades de **Cociña e Servizos de Restaurante**, pola demanda existente

destas profesións, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

II. En data 14/03/2022 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 .

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado coa Cociña e os servizos de Restaurante levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto **“Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VIII”** e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

I I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.

II. O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTR0408)” e os outros 10 na especialidade de “Servizos de Restaurante e servizo de Bar Cafetería (HOTR0608-HOTR0508)”**,** co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostelería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.

4 Creación de plantillas para cada sección.
5 Servizo en restaurante.
6 Servizos á comunidade, cociñando e servindo para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, o comedor do propio obradoiro para servizo de persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

A duración do "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VIII" está establecida en 12 meses e a data prevista de inicio é o 01 de xullo do presente ano.
Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.
Non é necesaria achega municipal para facer frónte aos investimentos non imputables á subvención da Consellería de Emprego e Igualdade (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Cociña e Servizos de Restaurante, están relacionados coa compra de alimentos para a elaboración de menús e posterior servizo no comedor social da Asociación "La Sal de la Tierra", Calor café da fundación Erguete e no propio comedor do Obradoiro para persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo dirixidos a persoas con risco de exclusión social, a realización de xornadas de almorzos saudables, destinados a persoas maiores, persoas con discapacidade e nenos en idade escolar en colaboración coas asociacións de maiores e escolas públicas, e que pretenden mellorar os coñecementos alimentarios da cidadanía viguesa cara a unha mellora da saúde; así como para os showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

III. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, por importe de **502.879,40 €**, contemplada no proxecto de Obradoiro VIGO CAPACITA VIII, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na "*ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022*", e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Estímase a achega municipal en 45.001,00 € e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2022 e 2023 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de xullo de 2022.

| Partida | 2022 | 2023 |
|---|---|---|
| **2410 1310002 PROG. 1ª Experiencia Laboral < de 30 anos** | **22.500,50€** | **22.500,50€** |

Por outra banda de acordo co establecido no artigo 15 da Orde, solicítase un número de **20** incentivos á contratación de alumnado do obradoiro dual de emprego polo importe de

**30.000** euros, ditos incentivos teñen por obxecto á contratación e promoción da inserción laboral das persoas participantes nos Obradoiros duais de emprego.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego , nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía 17 de agosto de 2020 e acordo de Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2020, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1 Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VIII”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

2 Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, publicado no DOG. núm. 46, do 8 de marzo.

3 Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2022 e 2023, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4 Delegar no Concelleiro de Cultura e Emprego, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “VIGO CAPACITA VIII”.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á

recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 7(215).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CÓDIGO DE CONDUTA DO CONCELLO DE VIGO: PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN PÚBLICA. EXPTE. 729/1102.

Dáse conta do informe-proposta do 29/03/2022, asinado pola secretaria de Admón. Municipal e pola concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (
- Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEB)
- Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-
- Lei 9/2017, de Contratos del Sector Público (LCSP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade. Mostra de ilo é a súa integración na *"Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana"* da *Federación Española de Municipios y Provincias*, acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015 e a súa adhesión ó Código de Bo Goberno Local da FEMP por acordo plenario de data 30 de novembro do mesmo ano.

**Segundo.-** En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno. A composición do Comité Técnico de Integridade na Contratación actualizouse por Resolución da Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal de data de 3 de decembro de 2021 (en virtude da delegación por acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019) como consecuencia da reorganización da Secretaría de Goberno local.

**Terceiro.-** O Plan de Integridade aprobouse pola Xunta de Goberno Local en data 12 de decembro de 2019, que acordou:

> *"Primeiro.- Aprobar o "Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico", de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.*
>
> *Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do "Comité Técnico de Integridade na Contratación", así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.*
>
> *Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.*
>
> *Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización."*

**Cuarto.-** Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do mesmo.

**Quinto.-** En data 15.12.2021 por Resolución da Concelleira Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal incoouse expediente da aprobación do Código Conduta correspondente coa Liña Estratéxica 1, "Traballar coas persoas", Obxectivo Estratéxico 1.1 "Aliñar e concienciar ás persoas", Obxectivo Operativo 1.1.2, "Aprobar un código de conduta" , do Plan de Integridade na Contratación Pública.

**Sexto.-** En data 28.12.2021 o Comité Técnico de Integridade da Contratación formulou proposta do Código de Conduta. Así mesmo, previa solicitude, a Xefatura da área de Recursos Humanos e Formación emitiu informe en data 24.01.2022 cuxas consideracións foron sometidas ao Comité Técnico de Integridade de data 28.02.2022 que formulou nova proposta a cal foi sometida á mesa de negociación en data 18 de marzo de 2022 segundo certificado (trámite 32) que consta no expediente.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I. Do Código de Conduta.-

A elaboración dun código de conduta recollese expresamente como obxectivo da liña estratéxica 1 do Plan de Integridade Contractual: traballar con persoas e con el preténdese dotar a administración municipal dun instrumento ético que permita recoñecer o sistema de integridade e transmitir o compromiso da institución cunha xestión honesta que prioriza a defensa do interese público.

Así mesmo no actual contexto do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, a prevención convértese en peza substantiva do sistema de xestión regulado na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro establecéndose como medida de prevención dirixida a reducir o risco residual de fraude no anexo III.C.2.b o desenvolvemento dunha cultura ética, mediante o fomento dos valores de integridade, obxectividade, rendición de contas e honradez, ou o establecemento dun código de conduta ante o fraude.

A Constitución Española como norma xurídica suprema contén importantes determinacións que constitúen o imprescindible marco ético-xurídico da actividade dos poderes públicos. Así o artigo 103 no seu primeiro paragrafo dispón *«a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo con os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito».*

Ligado a ditos principios constitucionais atópase o principio de integridade pública que a Organización para cooperación e desenvolvemento económico (OCDE) na súa Recomendación do Consello sobre integridade pública, Recomendación (2017) 5 do 26 de xaneiro de 2017, define como o *"posicionamento consistente e a adhesión a valores éticos comúns, así como ao conxunto de principios e normas destinadas a protexer, manter e priorizar o interese público sobre os intereses privados"*. Mediante este documento a OCDE recomenda ás institucións públicas a fixación de normas de conduta estritas para os responsables e funcionarios públicos, promovendo unha cultura de integridade e transparencia, e invitando a un liderado íntegro e baseado na meritocracia.

Un sistema de integridade institucional, require, dispoñer de, entre outros elementos, dun código o códigos de conduta, como normas de autorregulación ou de carácter deontolóxico que definan valores e principios, así como normas de conduta e de actuación. A finalidade principal dos Códigos de Conduta tal e como sinala Jimenez Asensio (2017) é *" promover en la organización una "infraestructura ética", asentar una cultura ética en la institución y, sobre todo, prevenir o identificar marcos de riesgo"*

A especial posición dos funcionarios, así como a súa dependencia dunha institución pública, comporta por parte da persoa que accede ao exercicio de funcións públicas a asunción dunha serie de valores, principios e normas de conduta polo que o noso dereito positivo non só ha de conter unha regulación sobre os dereitos dos cidadáns, senón tamén dos deberes que corresponden aos empregados públicos con respecto aos propios cidadáns. Protéxese desta forma o interese público e ao mesmo tempo iso supón unha garantía para o propio empregado público que desta forma coñece con detalle os límites á hora de realizar as súas función.

O bo goberno e a boa administración, como obrigacións xurídicas que vinculan aos servidores públicos e actúan como límite no núcleo do exercicio das potestades discrecionais, esixen adoptar instrumentos que garantan o seu cumprimento de xeito que a aprobación dun código ético e de conduta convértese nunha peza crave, xunto con mecanismos eficaces de responsabilidade e control, que garantan tamén a vixilancia cidadá. Neste senso o principio de boa administración configúrase como novo paradigma do dereito administrativo que require tal e como sinala a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias do 21 de outubro de 2021 das seguintes esixencias : (a) previsión con antelación dos problemas ( b) responder de forma expresa ás solicitudes e cuestións que se suscitan ( c) exercer as competencias dentro da esfera legalmente atribuída (d) atender ao contido dos informes téc-

nicos e xurídicos, de forma que se son desfavorables, ou se acatan ou se aparta mediante informes de conclusión alternativa explicitando razóns sólidas (e) analizar con rigor se existían motivos para manter a posición ou ben procedía achandarse ou recoñecer en vía administrativa as pretensións.

Dende o punto de vista normativo, o Código de conduta dos funcionarios públicos está regulado expresamente nos artigos 52 a 54 do RD 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público TREBEP) capítulo VI do Título III, que inclúe tanto os deberes dos empregados públicos, como os principios éticos e os denominados propiamente como principios de conduta. Estes preceptos resultan de aplicación directa aos empregados públicos, persoal funcionario e laboral, e ao persoal ao servizo das entidades do sector público estatal. Así mesmo xunto co código conduta establecido dentro do TREBEP, cómpre destacar que empregados públicos, ademáis do deberes de cumprimento das súas funcións, están suxeitos ao réxime de incompatibilidades. O sistema de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas constitúe tamén, unha parte importante da garantía dunha actuación administrativa baseada en criterios de ética pública. Así mesmo debemos destacar a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno na que se serie de principios éticos xerais e tamén obrigacións concretas para os membros do Goberno e altos cargos da Administración xeral do Estado e das entidades do sector público estatal.

Máis aló das esixencias normativas e legais, este Código establece os principios éticos, os valores de boa gobernanza e os comportamentos que deben informar toda actuación municipal e decisións do persoal empregado público co fin de acadar os seguintes obxectivos

a) Fomentar a vocación e orientación de servizo á cidadanía das e os empregados públicos.
b) Desenvolver o sentido de pertenza institucional e a profesionalidade no exercicio das funcións públicas, así como perseguir a excelencia como idea de servizo público
c) Asentar un sistema de infraestrutura ética na función pública que lexitime a institución e reforce a confianza da cidadanía naquela.

Neste contexto proponse a aprobación dun  Código  de Conduta do persoal empregado público do Concello de Vigo no que se incorporan unha serie de normas de conduta ou de comportamento que, encadradas nuns principios ou valores, pretenden "orientar" en  senso positivo a  actuación dos empregados públicos. O presente Código ten carácter autorregulador, e como tal, carece de valor normativo e de contido disciplinario directamente aplicable aos empregados/as públicos constituindo unha directriz de actuación que os guiará no desempeño das súa labor. Así mesmo ten carácter revisable co fin de que sexa modificable para adecuarse  as demandas da cidadanía.

**II.- Do órgano competente e procedemento.-**

O órgano competente para aprobación do Código de Conduta do Concello de Vigo é a Xunta de Goberno local conforme o disposto no artigo 17.1.h) da LRBRL. Asi mesmo consta certificado da mesa de negociación de data 18 de marzo de 2022 no que se acredita o trámite de negociación colectiva segundo o disposto no artigo 37.1.c) do TREBEP, ten como función a acadar pactos e acordos entre a Administración e os representantes sindicais, previo debate

e deliberación na Mesa de Negociación. Non obstante, cómpre sinalar que dita obriga de negociación colectiva non impón a obriga de acadar un acordo tal e como sinala a xurisprudencia e, concretamente a Sentenza do Tribunal Supremo de data 25.03.2009 *"Negociación colectiva y suscripción de acuerdos no se encuentran ineludiblemente vinculados de forma necesaria, de modo que en toda reunión del órgano negociador, deba alcanzarse un convenio, sino que en estas sesiones debe permitirse por parte de la Administración que los restantes miembros de la Mesa conozcan las propuestas y sus informaciones anexas, así como se permita el diálogo sobre las materias incluidas en el orden del día. Si, a pesar de negociarse de buena fe, no se llega a un pacto, se permite que la propuesta sea aprobada por el órgano de gobierno de la Administración competente, en virtud del* artículo 80.5 de la Ley 55/2003*".*

A proposta de acordo non require informe de fiscalización por parte da Intervención Municipal xa que o acordo non conleva gasto (artigo 214.2 do TRLRFL e artigo 7 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades del Sector Público Local)

Polo exposto elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

**PRIMEIRO.**- Aprobar o Código de Conduta do Concello de Vigo correspondente coa Liña Estratéxica 1, “Traballar coas persoas”, Obxectivo Estratéxico 1.1 “Aliñar e concienciar ás persoas”, Obxectivo Operativo 1.1.2, “Aprobar un código de conduta” , do Plan de Integridade na Contratación Pública.

**CODIGO DE CONDUTA DO CONCELLO DE VIGO**

**1. OBXECTO**

Este Código ten por obxecto fixar os principios, os valores éticos e as normas de conduta, con un carácter preventivo e orientador no desenvolvemento da actividade profesional co fin de mellorar a cultura ética do persoal empregado público do Concello de Vigo.

**2. PRINCIPIOS ÉTICOS**

O persoal empregado público do Concello de Vigo no exercicio das súas funcións respectarán a Constitución, as leis e o resto do ordenamento xurídico e a súa conduta profesional estará presidida polo principio de integridade. Actuar de forma íntegra implica actuar con honestidade e transparencia, aliñando as decisións co marco legal e normativo vixente xunto valores éticos e principios de actuación que emanan deste Código.

Conforme a Declaración institucional de integridade aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 12 de marzo de 2021 a actuación municipal realizarase baixo os seguintes principios.

| **I.- Integridade como promoción da ética pública ao servizo da confianza cidadá** |
|---|
| ¬ Respecto á Constitución e ao conxunto do ordenamento xurídico |
| ¬ Defensa e promoción dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, evitando calquera discriminación |

| |
|---|
| • Valorar a diversidade e a riqueza da diferencia como fortaleza da institución |
| • Orientar toda actuación municipal á satisfacción dos intereses xerais da cidadanía |
| • Tratar a todas as persoas con respecto, dun xeito xusto e equitativo |

| **II.- Integridade como obxectividade** |
|---|
| • Actuar con fundamento en consideracións obxectivas, sen interferencia dos intereses persoais na toma de decisións públicas |
| • Adoptar decisións informadas, tomando en consideración todos os intereses en presencia e tomando en conta o coñecemento profesional |
| • Desempeñar imparcialmente as funcións, sen afectación polas crenzas persoais |
| • Desenvolver de forma neutral as funcións da organización, con respecto ao principio democrático, dun xeito transparente, honesto e colaborativo para construír unha administración eficaz e eficiente |

| **III.- Integridade como eficacia** |
|---|
| • Actuar acorde cos principios de eficacia, economía e eficiencia, seguimento e avaliación |
| • Utilizar e coidar os recursos públicos de modo responsable, tanto a corto como a longo prazo. |
| • Acadar a eficacia e eficiencia na xestión pública, racionalizando e optimizando os recursos públicos |
| • Incorporar a mellora continua da calidade nas políticas, programas e servizos municipais |
| • Valorar os efectos presentes e a longo prazo das accións municipais sobre as persoas e o medio ambiente |

**3.- BOAS PRÁCTICAS E PAUTAS CONDUTA E ACTUACIÓN**

O persoal empregado público respectará na súa actuación a Constitución, as Lei e o resto do ordenamento xurídico e a súa conduta profesional estará dirixida a promoción e defensa dos estándares de integridade conforme as seguintes pautas/normas de actuación

**3.1.- Integridade como promoción da ética pública ao servizo da confianza cidadá**

Somos conscientes de que a confianza do público está influenciada pola percepción que o público ten da nosa organización.

O persoal empregado público do Concello de Vigo está comprometido co cumprimento, non so da lei senón do espírito das leis e as súas normas de desenvolvemento. O noso compromiso de ser xustos non limita o noso deber de facer efectiva a lexislación. A acción de cumprimento non é inadecuada só porque os infractores consideren que esas medidas son inxustas.

Debemos obedecer todas as instrucións e ordes profesionais dos superiores agás nos casos en que tales ordes ou instrucións constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico
No exercicio das súas funcións os/as empregados/as públicos actuará sempre con plena responsabilidade profesional, cumprindo as súas funcións e tarefas coa maior dilixencia posible e dedicando os esforzos necesarios para cumprir os obxectivos marcados.

Recoñecemos que unha consecuencia de traballar ao servizo das administración é que temos obrigas de integridade máis altas que outras persoas. Actuar de acordo co principio de lealdade e boa fe co Concello, contribuíndo ao prestixio, a dignidade e a imaxe da institución, sen adoptar condutas ou actitudes que poidan prexudicar esta imaxe.

O persoal empregado público poderá expresar a súa parecer, xa sexa a través da publicación de textos, xa a través de calquera outro canle, coa condición de que figure expresamente que se trata de opinións persoais, e que non representan a postura do Concello. No caso de que se queira publicar algún texto con relación á actividade do Concello, é necesario informar ao órgano superior inmediato, a efectos de solicitar o preceptivo permiso. As opinións que se compartan en calquera perfil social son de carácter persoal e en ningún caso se lle poden atribuír á organización.

Rexeitarase calquera agasallo, favor ou servizo en condicións vantaxosas que vaia máis aló dos usos habituais, sociais e de cortesía por parte de calquera empresa ou entidade. En ningún caso facilitarase unha dirección persoal para recibir calquera tipo de agasallo no domicilio particular.

Debemos tratar a todos con respecto: ao público ao que servimos e aos compañeiros cos que traballamos. Debemos promover nas nosas organizacións unha cultura respectuosa que garanta que a información e os servizos estean dispoñibles de forma que teñan en conta os intereses, sensibilidades e antecedentes particulares das persoas que solicitan eses servizos e garantirán a protección de datos persoais dos cidadáns e todas as súas actuacións e uso de medios electrónicos.

O persoal empregado público fomentará a través do exercicio das súas funcións e especialmente do seu comportamento un clima laboral e profesional no que prevaleza plenamente a convivencia, a solidariedade e a tolerancia, impulsando o respecto mutuo, salvagardando o pluralismo e a diversidade e actuando con empatía e ecuanimidade ante posibles conflitos e situación de discrepancia ou tensión.

Coa finalidade de promover relación de traballo baseadas na confianza mutua e respecto no que cada persoa sexa tratada de maneira xusta, imparcial, con respecto a dignidade, sen prexuízos e evitando calquera tipo de conduta ou actuación que conleve o uso de termos despectivos ou de prácticas de discriminación de calquera tipo (por razón de xénero, crenzas, ideolóxica, orientación sexual, raza, discapacidade ou calquera outra) e valorar a igualdade e a diversidade entendendo as nosas diferenzas.

Defenderase a honorabilidade das persoas empregadas públicas, no desenvolvemento das súas funcións e garantirase a activación dos protocolos de actuación correspondentes unha vez detectados casos que poden afectar á dignidade e o benestar das persoas empregadas públicas e observarase as normas sobre seguridade e saúde.

Facilitarase a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, sen detrimento da promoción profesional e velarán que as relacións coas persoas empregadas públicas desenvólvanse en horarios que permitan, en termos de igualdade de oportunidades, o desenvolvemento profesional, a conciliación da vida laboral coa persoal e a mellora da calidade de vida.

**3.2.- Integridade como obxectividade.-**

A actividade profesional dos empregados públicos debe estar guiada exclusivamente por criterios obxectivos, técnicos e de neutralidade baseados na satisfacción dos intereses xerais co fin de repre-

sentar a toda a cidadanía e non a determinados colectivos ou intereses políticos, non condicionados por conflito de interese e sempre en beneficio do interese público.

Debemos evitar calquera percepción de inxusto que poida derivarse de ter algún interese persoal nas decisións que tomamos ou de traballar nos asuntos nos que teñamos unha estreita relación cos interesados. O persoal empregado público respectará en todo caso o réxime de incompatibilidades e absterase naqueles asuntos nos que teña un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poida supor un risco de expor conflitos de intereses co seu posto público no marco das normas de conduta relativas ao conflito de interese establecidas no marco do Plan de Integridade na contratación e comunicarán calquera circunstancia que poida derivar en tal situación.

Actuarase con total dilixencia e independencia e absteranse de calquera acción que poida poñer en dúbida a súa capacidade de levar a cabo o seu traballo da mellor maneira posible, con total independencia e integridade e manterán, no exercicio do seu posto, a súa independencia respecto de calquera interese comercial, empresarial ou doutro tipo. Non contraerán obrigacións económicas, nin intervirán en operacións financeiras, obrigacións patrimoniais ou negocios xurídicos con persoas ou entidades cando poida supoñer un conflito de intereses coas obrigacións do seu posto público.

Así mesmo o persoal absterase de promover calquera procedemento de contratación pública con persoas físicas ou xurídicas coas que mantivesen algún tipo de vinculación laboral ou profesional nos últimos dous anos previos ao nomeamento e absterse de participar en procedementos nos que concorran estas circunstancias.

A nosa capacidade de resposta debe amosarse  no cumprimento dos servizos dentro dos prazos legais e , cando sexa posible acortar o tempo de entrega e mellora da calidade do servizo.

As actuacións administrativas deben basearse en información precisa, cinguíndose nos seus informes e propostas a feitos e datos técnicos, sen que sexan admisibles xuízos de valor arbitrarios ou suposicións non contrastadas. Motivarase calquera proposta, informe ou decisión que adopten no exercicio das súas funcións, de forma que queden claras as razóns que lles levou a proceder dese xeito. Especialmente, motivarase de forma suficiente a satisfacción das necesidades administrativas ou que se consideran de interese público que se estimulan, promoven, ou contratan.

Garantirase que os procedementos administrativos que se xestionen baixo a súa responsabilidade e, en particular, os procedementos de acceso, promoción e provisión dos postos de traballo, de contratación pública, subvencións e de recoñecemento e concesión de autorizacións, concesións ou licenzas, respondan a criterios técnicos obxectivos, sen que en ningún caso poidan interferir na súa tramitación consideracións alleas aos intereses públicos. Nos procedementos de concorrencia competitiva, os seus responsables procurarán non manter reunións inxustificadas cos interesados e/ou os seus representantes.

Fomentarase un clima de comunicación aberto e colaborativo cos empregados da súa unidade ou servizo, así como co resto de empregados públicos da administración, facilitándolles o acceso á información dos procedementos que tramiten, sempre que iso sexa posible e non haxa obrigación de confidencialidade.

Facilitarase o traballo en equipo e o desenvolvemento de contornas participativas nos que todos os compañeiros colaboren aproveitando as súas potencialidades.

A actuación do persoal empregado público ha de ser transparente e accesible sen máis límites que os impostos polas leis, protección de datos de carácter persoal e respecto aos dereitos fundamentais das persoas. A tal fin o persoal empregado público actuará conforme ao seguinte

- Dar publicidade de forma activa, proporcionando aos cidadáns toda a informacións institucional, económica, organizativa, contractual e calquera outra que sexa esixida pola normativa de aplicación a través de portal de transparencia e demáis canais de información e comunicación que a tal efecto estableza o Concello
- Impulsar medidas de goberno aberto.
- Impulsar a apertura de datos públicos no marco das obrigación de transparencia
- Impulsar o acceso da cidadanía á información municipal derivado do principio de transparencia, garantindo a resposta áxil e adecuada ás peticións de acceso sempre que non resulte de aplicación un límite de acceso o algunha causa de inadmisión a trámite.
- Garantir a transparencia no procedementos de selección de persoal, contratación pública, a execución orzamentaria, a concesión de subvencións.
- Fomentar unha cultura de participación activa, sometendo a participación cidadá as iniciativas normativas, proxectos, plans e calquera actuación que permita a participación.

**3.3.- Integridade como eficacia.-**

Como servidores públicos dunha entidade local, estamos motivados pola satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. A preocupación polo benestar dos demáis e fundamental para o espírito de servizo**.**
Os empregados públicos deben desempeñar as funcións e tarefas propias do seu posto de traballo, así como aqueloutras que lles sexan encomendadas de forma dilixente, e xestionar os recursos públicos baixo os principios de responsabilidade, eficacia e eficiencia, esforzándose pola mellora continua dos servizos que prestan.

As melloras persoais na eficiencia contribuirán a melloras na eficiencia xeral da nosa administración. O persoal empregado público profundizará e actualizará a súa formación, coñecementos técnicos e especialización para o cal o Concello comprométese a promover a formación continua que lles permita perfeccionar os seus coñecementos, destrezas e capacidades.

Contribuír a calidade e mellora contínúa na prestación do servizos públicos impulsando prácticas de innovación no ámbito público e contribuír ao desenvolvemento da administración dixital e promover o uso das novas tecnoloxías dunha maneira accesible e garantirán o uso de medios e sistemas que reforcen a interacción con a cidadanía de unha maneira áxil, segura e comprensible.

Debemos traballar para que os servizos municipais sexan accesibles e efectivos para o cal o persoal empregado público promoverán coa súa iniciativa a innovación e mellora continúa na prestacións do servizos públicos conforme as seguintes pautas de actuación.

- Facilitar o acceso aos servizos mediante o uso de ferramentas adecuados as necesidades dos cidadáns
- Participarán activamente e implicaranse nas novas iniciativas e nos procedementos de avaliación, mellora de xestión e de cambio que, no seu caso, implante o Concello de Vigo.
- Incentivarán a creatividade e iniciativa do persoal ao seu cargo e a súa implicación nos proxectos que xestionen, así como o seu compromiso coa innovación pública.
- Promoverán unha simplificación de procedementos e trámites que eliminen a carga burocrática.
- Promoverán unha cultura de transformación e adaptabilidade permanente e continúa.

O uso dos recursos públicos está vinculado exclusivamente co exercicio das actividades e funcións públicas e evitarase  o uso de calquera dos medios públicos postos á disposición do persoal para satisfacer necesidades privadas, persoais, familiares, de persoas achegadas ou profesionais, que sexan alleas aos intereses públicos Debemos ser transparentes na forma en que usamos estes recursos

As viaxes, deberán efectuarse naqueles casos en que sexa imprescindible para o desenvolvemento das funcións ou competencias, e deberán efectualos as persoas indispensables e directamente vinculadas a estas.

**4.- Guía de conduta en materia contractual .-**

A contratación pública é un dos ámbitos de actuación das Administracións Públicas que presenta unha maior dimensión económica e estratéxica, tendo en conta do gran volume de gasto que representa. Debido a que converxen nela multitude de intereses públicos e privados, considérase prioritario o establecemento dunha guía de conduta orientada a mellora da cultura ética e as boas prácticas na contratación e a minimizar os riscos contra a integridade.
A guía de conduta na contratación ten unha dobre dimensión, interna, mediante a creación dun marco de actuación respecto dos cargos públicos e persoal interveniente en calquera fase dun contrato público e outra, externa, co fin de limitar as posibilidades da existencia de riscos ocasionados polas empresas e entidades concorrentes as licitacións públicas e fomentar unha actuación íntegra.

**4.1.- Marco de conduta interna.-**

En materia contractual, ademáis das normas establecidas na cláusula 3, as persoas suxeitas a este Código, deberán actuar con integridade e obxectividade aplicando os principios que inspiran o procedemento de contratación (eficiencia no gasto público, igualdade de trato e non discriminación, recoñecemento mutuo e especialmente, o principio de transparencia e integridade) reforzando así a confianza da cidadanía na integridade da nosa Administración

Planificarase e programarase adecuadamente as necesidades públicas que teñan que ser obxecto de contratación pública.

O persoal empregado público, no exercicio das súas funcións e competencias, deberán respectar a normativa reguladora en materia de contratación pública e velarán polo uso dos procedementos contractuais que posibiliten unha maior concorrencia e publicidade e por un uso eficaz e eficiente dos recursos destinados a sufragar as contratacións públicas.

Os cargos públicos e o persoal estará obrigado en todo momento, no exercicio das súas funcións, a ser imparcial e a observar a máxima obxectividade en todos e cada un dos xuízos que emita ou decisións que tome, e a actuar conforme ao principio de boa administración e tratarán con atención e respecto a todas as empresas e entidades interesadas no procedemento de licitación.

O principio de imparcialidade exercitarase de tal forma que manteña un criterio independente e alleo a todo interese particular. Neste senso o persoal interveniente nos procedementos da contratación pública deberá informar sobre as actividades económicas ou laborais alleas ao que poidan representar un conflito de interese no exercicio das súas funcións. Esta obrigación referida aos cargos públicos deberá reflectirse na pertinente declaración de actividades e, no seu caso, de bens.

Asi mesmo o persoal e cargos públicos interveniente no procedemento de contratación deberán subscribir a declaración de ausencia de conflito de intereses no termos indicados (Expte 711-1102)

O persoal do Concello relacionado na contratación pública deberá coñecer as novidades normativas e xurisprudenciais en materia de contratación pública para garantir a súa actuación dilixente e profesional nas contratacións nas que actúen. A estos efectos o persoal interveniente nos procesos de contratación comprométese a asistir a accións formativas que sexan necesarias para dita finalidade , na convicción de que a profesionalización dos responsables de contratación pública garante a boa marcha dos procedementos. Para iso, o Concello de Vigo asume o firme propósito de ofrecerlles accións formativas adecuadas, eficaces e de calidade

Así mesmo o Concello de Vigo adoptará as medidas que sexan necesarias para asegurar que o seu persoal coñeza e comprenda que practicas e actuación implican un risco de corrupción na contratación.

Impulsarase a apertura de datos públicos sobre contratación pública no marco das obrigacións de transparencia.

Publicarase no perfil do contratante a composición das mesas de contratación e a identificación concreta dos seus membros con indicación do cargo que ocupan na mesa de contratación, así como o cargo que ocupan na administración

O réxime de pagos relativos a contratos públicos axustarse ao Plan de disposición de fondos do Concello de Vigo (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 75 de data 18 de abril de 2015)

Nas accións de contratación pública para garantir prácticas congruentes cos valores e principios de servizo público introducirase as cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas no marco do Plan de Integridade da Contratación.

O persoal que tivese asignada a responsabilidade de vixilancia da correcta execución deberá reportar de calquera irregularidade, falta de calidade, que detecte nos contratos e respecto a liquidación do contrato deberá actuar coa dilixencia debida reflectindo as calidades e cantidades que realmente fosen executadas.

**4.2.- Marco de conduta externa.-**

Este marco de actuación referida as empresas e entidades licitadoras incardinarase como un compromiso cuxo cumprimento asumirán nos documentos contractuais que regulan as relaciones entre Administración e o contratista.

Os licitadores e contratistas, durante os procedementos contratación, observarán os principios éticos e de conduta segundo o disposto na Resolución da Concellería Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 6.11.2020 (expte 6552/241).

No caso de que participen en consultas preliminares do mercado formalizadas conforme á regulación vixente ou na definición das necesidades, obxecto e requisitos, prescricións, prezos, planificación, ou elección do procedemento da licitación, farano sen pretensión de restrición de competencia, debendo quedar asegurada a existencia de competencia e a ausencia de vantaxes para un licitador concreto. Evitarán o favorecemento de inclusión de especificacións técnicas ou de requirimentos innecesarios para o logro da finalidade do contrato que determinen directamente a redución da competencia, facilitando á Administración soamente a información relevante e obxectiva suficiente para colaborar no futuro deseño do contrato.

Os contratistas executarán os contratos conforme ao convido, co compromiso e a conciencia social de que o seu traballo contribúe á satisfacción de necesidades administrativas de interese xeral, evitando xerar situacións que fagan preciso acudir aos mecanismos de modificación do contrato, que só poderán utilizarse nos supostos previstos legalmente.

Deberán evitar ofrecer valoracións económicas sobre ou infravaloradas.

As empresas ou profesionais interesadas nunha licitación non poderán entrar en contacto cos cargos públicos nin co persoal do poder adxudicador responsable da licitación do contrato con motivo do contrato durante a súa licitación, salvo para obter información adicional sobre os pregos e demais docu-

mentación complementaria nos termos regulados pola lexislación vixente en materia de contratación pública.
O contratista executará o contrato conforme ao pactado evitando calquera abuso relacionado co obxecto, a calidade, o prezo ou outros elementos e comprometerase a presentar, a pedimento do poder adxudicador, todos os documentos xustificativos das condicións de execución do contrato.

**4.3.- Sistema de garantía.-**

O Concello de Vigo establecerá unha canle telemática específica de participación habilitada na sede electrónica da Administración municipal que permitirá á cidadanía realizar suxestións e alertar sobre factores de risco, infraccións do código ético ou infraccións normativas, que poidan ser obxecto de comprobación, e, polo tanto, que permita previr disfuncións, corrixir incumprimentos normativos e mellorar o proceso da contratación municipal.

**5.- Adhesión ao Código de Conduta.-**

O Concello de Vigo establecerá por medios electrónicos mecanismos de adhesión individualizado ao Código de Conduta dos persoal empregado público.
No caso de nomeamento ou contratación de persoal introducirase unha cláusula especifica de adhesión ao Código de Conduta con motivo da toma de posesión ou formalización de contrato laboral.

**6.- Difusión do Código de Conduta.-**

O Concello establecerá sistema de difusión e prevención dos valores e principios que conforman o Código de Conduta a través de programas de formación, medios e comunicación interna e calquera outro medios electrónicos.

**7.- Garantía.-**

O Concello de Vigo establecerá os, canais de consulta, queixa e denuncias e medidas e procedementos para supervisar e avaliar o cumprimento efectivo dos valores, principios e pautas de conduta recollidos neste código e as políticas internas que os desenvolven."

**SEGUNDO**.- Publicar o acordo no porta de transparencia e na intranet municipal.

**TERCEIRO**.- Contra o acordo adoptado, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(216).- PROPOSTA DE ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA GORXAL". EXPTE. 1227/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 24/03/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título "outros investimentos"; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga" de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** No punto III, relativo aos "*Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia*" do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 21 de marzo de 2022 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **"RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA GORXAL"".** O devandito informe indica o seguinte:

*"O polígono de vivendas de O Gorxal (na rúa Gorxal, parroquia de Cabral) e a súa urbanización foron executados a mediados da década dos 50 do pasado século, dentro dos plans de promoción de vivenda pública.*

*O polígono está formado por oitenta e seis vivendas, agrupadas en dez bloques de tipoloxía aliñada. Ademais, e formando parte do entramado do polígono, existen outras tres vivendas adicionais, que corresponden aos números 9, 17 e 19.*

*A rede de saneamento que da servizo ao polígono sufre numerosos problemas debido á súa antigüidade, provocando frecuentes problemas de atascamentos, e producindo as conseguintes molestias e queixas dos veciños.*

*Adicionalmente, considérase necesario renovar a rede de abastecemento, executando conexións entre os diferentes ramais, de modo que se melloren as condicións de circulación da auga e que permita, ante unha eventual incidencia na rede no futuro, tomar accións minimizando as molestias aos veciños."*

**V.**- A vista deste informe, con data *21 de marzo* de 2022 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do corrrespondente proxecto técnico de obras de **"Renovación do *saneamento e abastecemento na Rúa Gorxal*"**

**VI.-** O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **"Renovación do *saneamento e abastecemento na Rúa Gorxal*"**

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 9(217).- PROPOSTA DE ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50". EXPTE. 1231/441.

Dáse conta do informe-proposta do 24/03/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título "outros investimentos"; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da

auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 22 de marzo de 2022 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50”.** O devandito informe indica o seguinte:
“A tubería de abastecemento na rúa Marcelo Currás (entre os números 40 e 50) ven sufrindo reiteradas roturas. Trátase dunha tubería de diámetro 60 mm, que debido a súa antigüidade sufre frecuentes roturas debido á fatiga do material (fibrocemento). O estado de deterioro da tubería non permite garantir que coa reparación da mesma non se volvan producir novas roturas nun breve periodo do tempo, o que provoca unha afección sobre o acceso ao servizo de abastecemento de auga potable aos veciños da citada rúa.
Ademáis, as reiteradas roturas na rede da rúa Marcelo Currás supoñen un impacto en termos de perda de auga (dende que se produce a avaría ata que se corta a rede por parte dos servizos municipais) o que debe correxirse co fin de lograr unha xestión eficiente dos recursos hídricos dispoñibles, así como minimizar os posibles danos materiais na contorna.
Para correxir esta situación, débese substituír o tramo indicado da rede de abastecemento por unha nova canalización axeitada para a distribución de auga.
Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a renovación da rede de abastecemento na rúa Marcelo Currás (entre os números 40 e 50) unha actuación necesaria que non debe demorarse”.

**V.**- A vista deste informe, con data 23 de marzo de 2022 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50”**

-
**VI.-** O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

*1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **"RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50"***

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(218).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA". EXPTE. 640/441.**

Visto o informe xurídico do 18/03/2022 e o informe de fiscalización do 23/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 08/03/2022, asinado pola técnica de xestión de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 18/11/16, resolveu autorizar o gasto para a redacción dun proxecto de humanización da rúa Tercio de Afora a prol da empresa Urbing Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil S.L. (B36982510).

**II.-** A empresa Urbing Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil S.L. presenta proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Julio Roberes De Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL DEZANOVE EUROS E TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (274.019,36 €).

**III.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 22.04.2019, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 24.04.2019, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 03.05.2019 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Julio Roberes De Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL DEZANOVE EUROS E TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (274.019,36 €), con sinatura dixital de data 16.04.2019 (Expte. 4195/443).

**IV.-** O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 23 de febreiro de 2022, aprobou inicialmente o expediente núm. 74/ 142, aprobación inicial da modificación orzamentaria nº12/2022 – Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais . Na mesma se contempla a aplicación 1532.6190060 "Humanización Tercio de Afora", cun importe de 274.019,36 euros.

**V.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 03.05.2019 e que se corresponde co expediente administrativo 4195-443, e que inclúe Prego

de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Julio Roberes De Cominges, con sinatura dixital de 16.04.2019.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 21 de setembro de 2020.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 21 de setembro de 2020.

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 27 e 28 de abril de 2021.

E) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 16 de setembro de 2021.

F) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 13 de outubro de 2021.

G) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 27 de outubro de 2021.

H) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 27 de outubro de 2021.

I) Nova Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 24 e 25 de de febreiro de 2022.

J) Informe favorable sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 25.02.2022.

K) Nova Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 28 de febreiro e 2 e 3 de marzo de 2022.

L) Dilixencia de corrección do prego de cláusulas administrativas particulares de data 27 de outubro de 2021

M) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con datas 7 e 8 de marzo de 2022.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 22.04.2019) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** En canto a tramitación anticipada de expedientes de contratación para as Entidades Locais, o apartado 2º da Disposición adicional terceira da LCSP establece que poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Por tanto, desde a entrada en vigor da LCSP, e coas condicións que determina a Disposición adicional terceira da mencionada norma, as Corporacións Locais están habilitadas para utilizar a figura da contratación anticipada.

**Quinto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Sexto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA"**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Julio Roberes De Cominges

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con datas 7 e 8 de marzo de 2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL DEZANOVE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS ( 274.019,36 euros), sendo o importe correspondente ao IVE de 47.557,08 euros.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.60 "Human. Tercio de Afora", provinte da modificación orzamentaria nº 12/2022, crédito extraordinario e suplemento de crédito (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

| | |
|---|---|
| 2022 | 274.019,36 € |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(219).- OFERTA DE EMPREGO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DERIVADAS DA APLICACIÓN DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO. EXPTE. 620/406.**

Visto o informe de fiscalización do 22/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 17/03/2022, asinado polo órgano instrutor, e sometido ao Consello de Xerencia de Urbanismo en data 29/03/2022, que di o seguinte:

"Lexislación aplicable.

LMURTEP. Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
LPACAP. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
TRLEBEP. Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
EE.XMU. Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo. (BOP 6.10.2010)

Antecedentes e proposta de acordo.

I. Un dos obxectivos da LMURTEP é situar a tasa de temporalidade estrutural por debaixo do oito por cento no conxunto das Administracións Públicas, para iso contempla medidas inmediatas, neste sentido dispón:

Artigo 2.1., primeiro parágrafo, *"Adicionalmente ao establecido nos artigos 19. Un. 6 da Lei 3/2017 ... e 19. Un. 9 da Lei 6/2018 ..., autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluirá as prazas de natureza estrutural ... que, contempladas nas distintas Administracións Públicas e ... dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompida ... nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020."*

Artigo 2.1 segundo parágrafo. *"... as prazas afectadas polos procesos de estabilización previstos nos artigos 19. Un. 6. da Lei 3/2017,..., e 19. Un. 9. da Lei 6/2018, .... incluiranse dentro do proceso de estabilización do parágrafo anterior, sempre que estiveran incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e chegada a data de entrada en vigor da presente Lei, non fosen convocadas, ou sendo convocadas e resoltas, quedasen sin cubrir"*

Artigo 2.4. segundo parágrafo, *"... o sistema de selección será o de concurso-oposición, cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate podendo non ser eliminatorios os exercicios na fase de oposición …"*

Disposición primeira 3. *"Os procesos de estabilización de emprego temporal no ámbito local rexeranse polo disposto no artigo 2. Non serán de aplicación a estes procesos o disposto nos artigos 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local"*

Disposición adicional sexta, *"As Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional ..., polo sistema de concurso, aquelas prazas que sendo estruturais e atopándose dotadas orzamentariamente estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida desde data anterior a 1 de xaneiro de 2016"*.

Disposición adicional oitava, *"Os procesos de estabilización da disposición adicional sexta incluirán na súa convocatoria as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal con unha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016"*.

Artigo 2.2. *"As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, aprobaranse e publicaranse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022 ..."*.

II. No Expediente consta informe de data 27.01.2022 dos Servizos Centrais da XMU emitido a petición do xerente, identificando as prazas estruturais da XMU dotadas orzamentariamente afectadas polo artigo 2.1. (4) e polas disposicións adicionais sexta e oitava (5), o informe conclúe, *"as prazas sometidas a estabilización de emprego están ... contidas nas OEP aprobadas e pendentes de executar de 2018 e 2021"; "as medidas de estabilización afectarían a 9 prazas"*.

III. Á vista do informe, ao fin de asegurar os prazos establecidos para a execución dos procesos selectivos e o seu desenvolvemento áxil, a Vicepresidencia -Resolución do 3.02.2022- incoou

expediente para a aprobación das OEPs de estabilización conforme á Lei 20/2021.

IV. O 11.02.2022 instrumentouse trámite de audiencia ao obxecto de que os interesados, nos quince días seguintes ao de publicación do acordo no Taboleiro Electrónico, examinaran o expediente e o procedemento instruído formulando alegacións e aportando os documentos que estimaran oportunos, artigo 82 LPACAP.

V. En data 21.02.2022 a Xefatura de Servizos Centrais, a petición do xerente, emite informe ratificando o seu anterior informe de data 27.01.2022.

VI. Tras o exame das alegacións modificouse a proposta inicial de nove prazas fixándoa en dez ao incluír unha da escala de Admón. xeral, subescala Auxiliar Administrativa incursa na disposición adicional sexta; así mesmo unha praza da subescala Técnico de Admón. xeral (TAX) considerouse incursa no suposto da disposición adicional oitava.

VII. O 9.03.2022 formulouse proposta para a súa negociación coa representación sindical materializada, artigo 37.1 TRLEBEP, na Mesa de Negociación do 14.03.2022.

VIII. A Mesa de Negociación, no momento da súa reunión, tivo coñecemento dun borrador de informe complementario aos anteriores emitido pola Xefatura de Servizos Centrais que concluía, *"Por tanto, prazas totais para estabilización 13"*; o borrador de informe, en relación cos anteriores emitidos, incluía unha praza da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica superior, arquitecto, e outras tres prazas da Escala de Administración xeral, Subescala Auxiliar Administrativa.

A Mesa acordou solicitar da Xefatura de Servizos Centrais informe definitivo para a súa incorporación ao Expediente, así mesmo acordou a formulación por parte do instrutor do Expediente dunha nova proposta de negociación considerando o informe a emitir.

IX. O 14.03.2022, mediante Dilixencia, o instrutor insta da Xefatura de Servizos Centrais, para a súa incorporación ao Expediente, informe no que se concrete de xeito indubitado e xustificado as prazas da XMU incursas no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021 e as incursas nos supostos das Disposicións adicionais sexta e oitava da mesma Lei.

X. O 15.03.2022 a Xefatura de Servizos Centrais emite informe no que, tras a fundamentación exposta, conclúe:

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO

Prazas ofertadas conforme o artigo 2 da Lei 20/2021:

| Nº | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Quenda |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Arquitecto | A1 | Admón. Esp. | Técnica | Superior | Libre |
| 2 | Aux. Advo. | C2 | Admón. Xeral | Aux. Advo. | | Libre |

Prazas ofertadas conforme as Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021:

| Nº | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Quenda |
|---|---|---|---|---|---|---|

Concello de Vigo

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | Téc. Admón. Xeral | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |
| 2 | Arquitecto | A1 | Admón. Esp. | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Enx. Sup. Ind. | A1 | Admón. Esp. | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Aux. Advo. | C2 | Admón. Xeral | Aux. Advo. | | Libre |

XI. En data 16.03.2022 formúlase nova proposta para a súa negociación coa representación sindical. En data 17.03.2022 a Mesa de Negociación queda decatada da proposta formulada e manifesta a súa conformidade á mesma.

XII. Conforme ao sinalado no artigo 2.1., parágrafo segundo, inclúense nas Ofertas as prazas non convocadas dos procesos de estabilización correspondentes ás anualidades 2017, 2018 e 2021, os de esta última anualidade consecuencia d R.D-Lei 14/2021.

A tramitación do Expediente ten concluído; da resolución dos procesos previstos non se derivará incremento de gasto nin de efectivos na XMU, artigo 2.5 LMURTEP.

Elévase á Xunta de Goberno Local, artigo 3.8 EE.XMU, previa fiscalización pola Intervención xeral e previa conformidade do Consello da Xerencia a seguinte,

PROPOSTA

PRIMEIRO. En cumprimento do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, apróbase a Oferta de Emprego Público de 2022 correspondente a prazas estruturais de persoal funcionario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo desempeñadas por persoal con vinculación temporal e incursas no suposto do artigo 2.1 da lei citada.

Especifícanse as escalas e subescalas e o número de prazas para cada unha delas:

| N.º | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Quenda |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Aux. Advo. | C2 | Admón. Xeral | Aux. Advo. | ----- | Libre |
| 2 | Arquitecto | A1 | Admón. Esp. | Técnica | Superior | Libre |

Sistema de selección: concurso-oposición.

SEGUNDO. En cumprimento do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, apróbase a Oferta de Emprego Público excepcional de 2022 correspondente a prazas estruturais de persoal funcionario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo desempeñadas por persoal con vinculación temporal e incursas nas Disposicións adicionais sexta e oitava da lei citada.

Especifícanse as escalas e subescalas e o número de prazas para cada unha delas:

| N.º | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Quenda |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | Téc. Admón. Xeral | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Aux. Advo. | C2 | Admón. Xeral | Aux. Advo. | ----- | Libre |
| 2 | Arquitecto | A1 | Admón. Esp. | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Enx. Sup. Ind. | A1 | Admón. Esp. | Técnica | Superior | Libre |

Sistema de selección: concurso. Este proceso de estabilización realizarase por unha soa vez.

Conforme ao artigo 59.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, a praza da Escala de Administración xeral, Subescala Auxiliar Administrativa, resérvase para persoas con discapacidade. (discapacidade intelectual).

TERCEIRO. Deixar sen efecto a Oferta de Emprego Público da XMU correspondente á anualidade de 2017; parcialmente a Oferta de Emprego Público correspondente á anualidade 2018 (catro prazas para a estabilización-consolidación) e parcialmente a Oferta de Emprego Público para a anualidade de 2021 (cinco prazas para a estabilización de emprego).

CUARTO. Articular os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal garantindo o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

QUINTO. No sistema de selección mediante concurso-oposición, a valoración da fase de concurso supoñerá o corenta por cento da puntuación total, considerándose maioritariamente a experiencia na escala, categoría ou equivalente de que se trate. Non serán eliminatorios os exercicios na fase de oposición. Non serán de aplicación a estos procesos o disposto nos artigos 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

SEXTO. No sistema de selección mediante concurso considerarase maioritariamente a experiencia profesional, en concreto os servizos efectivos prestados en prazas da escala, subescala e categoría de que se trate desenvolvidos no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

SÉTIMO. Trasladar o presente acordo ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

OITAVO. Trasladar o presente acordo á Administración Xeral do Estado, a través da Subdelegación do Goberno, aos efectos do sinalado no artigo 56.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

NOVENO. Publicar o presente acordo na Sede Electrónica e na Intranet municipal e notificalo aos funcionarios que desempeñan postos nas prazas obxecto de Oferta.

DÉCIMO. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

UNDÉCIMO. Instar á Xerencia Municipal de Urbanismo a que con anterioridade ao 15 de decembro de 2022 eleve á Xunta de Goberno Local a aprobación das Bases das convocatorias das prazas incluídas nas Ofertas de Emprego; a publicación do extracto no BOE das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas Ofertas producirase antes do 31 de decembro de 2022.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(220).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN POLÍGONO 2B DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE 5276/401.**
Dáse conta do informe-proposta do do 24/03/2022, asinado pola técnica de admón. xeral da oficina de Planeamento e polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, a xefa da Área de Desenvolvemento urbanístico e polo xerente de Urbanismo, e sometido ao Consello da Xerencia municipal de urbanismo do 29/03/2022, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES E FEITOS**

Compre traer a colación como antecedente máis significativo do presente, e do que trae causa o neste intre examinado, o expediente tramitado nesta administración, isto é a *"2ªModificación Puntual do Plan Parcial de Navia (Exp.15666/411)*, aprobado definitivamente polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo con data do 29.07.2020, do que extractamos a continuación o nel disposto; "(...)

*PRIMEIRO: Estimar, estimar parcialmente e desestimar os escritos de alegacións presentados logo da aprobación inicial da 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia e que se relacionan no certificado do Secretario da XMU de data 20.09.2018, de acordo cos fundamentos expostos no informe contestación de alegacións emitido polos servizos técnicos e xurídicos da XMU obrante no expediente e no sentido expresado neste. SEGUNDO: Aprobar definitivamente a 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia promovida polo IGVS e redactado polo arquitecto D. Rodrigo J. Portanet Fontana, conformado pola documentación técnica asinada electronicamente en datas 20.11.2019, 21.11.2019 e 09.12.2019 xunto coa documentación que incorpora, que tivo entrada os días 23 e 27.12.2019 no Rexistro xeral da XMU (docs.190203081 e 190205253).TERCEIRO: Ordenar a publicación do presente acordo no DOG (consignando a referencia do DOG no que se publicou o informe ambiental estratéxico) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial de Pontevedra. CUARTO: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico http://hoxe.vigo.org/movemonos/urb_plan_gest_1a.php, xunto co informe de resposta ás alegacións recibidas, e no Portal de Transparencia. QUINTO: Notificar individualmente o presente acordo na forma prevista no artigo 184.4 in fine do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. SEXTO: Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.(..).*

A referida MP, foi publicada no DOG núm. 183 do 9.09.2020, no BOP núm.212, do 3.11.2020, e inscrita no rexistro de planeamento de Galicia o 09.10.2020, co núm.RPG00064/2020, polo que ten acadado plena eficacia e vixencia.

Pola súa banda, e no que atinxe ao procedemento de xestión, tramitado polo IGVS, a través do sistema de expropiación , procedeuse a apertura nesta administración do expediente co núm. 278/413, en atención a documentación remitida polo IGVS, relativa a expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos afectados, e que se precisan ocupar para a execución dos polígonos do Plan Parcial de San Paio de Navia.

II. Así as cousas, e logo da achega de varias entregas da documentación técnica relativa ao proxecto de urbanización que nos ocupa, derivadas de senllos requirimentos efectuados por esta administración, á vista dos informes emitidos polos diferentes departamentos municipais, así como polas empresas subministradoras -trámites todos eles que obran incorporados ao expediente electrónico de razón- así como as derivadas de diversas reunións de traballo entre ambas administracións que, recollían e concluían a inclusión de diversas modificacións, observacións, no dito proxecto, -debidamente motivadas, de conformidade coa normativa de

pertinente aplicación-, con data do 22.02.2022 tiña entrada no Rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo (en diante XMU), baixo o núm. de doc.220039177, impreso de solicitude subscrito polo Director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo,-entidade promotora da presente actuación-, polo que remite os proxectos de urbanización dos polígonos 1, 2 (2A; 2B) e 3 do Plan parcial de San Paio de Navia, e solicita a súa tramitación e subsecuente aprobación inicial e información pública dos mesmos, xuntando a tales efectos a preceptiva documentación técnica, con ligazón para a súa descarga, que se conforma das seguintes carpetas: Memoria e Anexos, planos, pregos, e orzamento, documentación toda ela redactada polo empresa Proyfe, SL, con data febreiro de 2022.

III. Examinada a antedita documentación, con data do 24 de marzo de 2022, o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, emite informe técnico, **de carácter favorable** a actuación proposta, do seguinte teor literal,

*"(...) INFORME.*

- ***Antecedentes***

*Con data do 12 de maio de 2021, tivo entrada no rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) do Concello de Vigo, un oficio do Servizo de Planificación e Ordenación do Solo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que traslada a esta administración o "Proxecto de Urbanización do Polígono 2B do Plan Parcial de San Paio de Navia", para a súa aprobación inicial e información pública aos efectos contemplados no artigo 226.2 do decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, remitindo a tales efectos un enlace para a descarga e consulta do dito documento.*

*Examinada a documentación, o 16 de xullo de 2021 deuse traslado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dos informes emitidos, no prazo establecido ao efecto, polos departamentos municipais de: Normalización Lingüística, Electromecánicos e Patrimonio Histórico; así como os emitidos polas empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos: UFD Distribución Electricidad, S.A, R Cable Telecomunicaciones e Aqualia-FCC Vigo UTE. Como complemento a estes documentos, remitiuse o informe preliminar sobre o proxecto que foi emitido polo Xefe do departamento municipal de Urbanización e Infraestruturas e asinado dixitalmente en data do 16 de xullo de 2021.*

*Máis tarde, e tras manterse o 10 de setembro unha reunión técnica entre todas as partes implicadas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) presentou dous oficios no Concello de Vigo en datas do 26 e 28 de outubro de 2021, remitindo a documentación relativa aos Proxectos de Urbanización dos Polígonos 1, 2 e 3 do Plan Parcial de Navia, para a súa aprobación definitiva. Tras detectar un erro en ambos oficios, o IGVS remitiu novo oficio, en data do 03 de novembro de 2021, indicando que se remite a documentación dos Proxectos de Urbanización de Navia para á súa aprobación inicial e información pública (non para a súa aprobación definitiva), aos efectos contemplados no artigo 226.2 do decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da la Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.*

*En resposta a esta última versión da documentación técnica redactada pola empresa "Proyfe"- do Proxecto de Urbanización do Polígono 2B do Plan Parcial de Navia, o 28 de decembro de 2021 deuse traslado desde a Xerencia Municipal de Urbanismo dos informes emitidos, tanto polos departamentos municipais, agás o de Montes, Parques e Xardíns, como polas empresas subministradoras co obxectivo de que se procedera a introducir tódalas modificacións, observacións e consideracións ás*

*que aludían, e aos efectos de que á maior brevidade, esta administración, no exercicio da competencia lexítima atribuída polo marco xurídico vixente, puidera proceder á súa aprobación inicial. O 08 de febreiro de 2022 trasladouse informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns no que se ratificaban as prescricións acordadas durante as reunións mantidas no mes de Xaneiro de 2022 entre persoal técnico da XMU, o IGVS e o equipo redactor do proxecto.*

*Finalmente, o 22 de febreiro de 2022 recíbese unha última versión dos Proxectos de Urbanización dos Polígonos 1, 2 e 3 do Plan Parcial de Navia. O alcance deste informe limítase á avaliación do proxecto de urbanización do polígono 2B de cara á súa aprobación inicial.*

## ***2 Análise da documentación presentada.-***

### ***2.1 Memoria***

*O proxecto conten unha memoria na que se expón, de xeito resumido, o alcance do proxecto, os seus obxectivos e as súas características principais de deseño. Dentro da mesma detéctanse alusións e comentarios que resultan de aplicación a outros polígonos do ámbito (Polígonos 1 e 3) que non forman parte do alcance deste proxecto. En calquera caso, interprétanse que estas referencias derivan da visión integrada que o equipo redactor ten de todo o ámbito de actuación.*

*Existe una referencia explícita ó planeamento urbanístico vixente e refírese tomar coma referencia a segunda modificación do Plan Parcial de Navia para o desenrolo do proxecto.*

*Do mesmo xeito, refírese que o IGVS está a facer as xestións para obter os terreos que se precisan para executar as obras.*

### ***2.2 Anexos***

*No referido á descrición e xustificación das solucións adoptadas que figura nos Anexos do proxecto compre realizar as seguintes apreciacións:*

- ***Anexo 01: Antecedentes***

  *Sin comentarios relevantes para esta aprobación inicial.*

- ***Anexo 02: Cartografía***

  *Achégase levantamento topográfico e especifícase o sistema planimétrico de referencia.*

- ***Anexo 03: Reportaxe fotográfica***

  *Sin comentarios relevantes para esta aprobación inicial.*

- ***Anexo 04: Estudo Xeotécnico***

  *O proxecto incorpora un estudo xeotécnico para a avaliación das características particulares dos terreos. Non corresponde ó alcance desta aprobación inicial o análise da suficiencia dos ensaios realizados nin a interpretación dos mesmos que, por outra banda, está asinada por técnicos competentes na materia. Neste anexo tamén se analizaron as canteiras e vertedoiros onde levar o material excedente de obra, atopando alternativas para o seu traslado.*

*Unicamente, e á vista dos problemas xurdidos na execución de fases anteriores, advírtese sobre a necesidade de extremar as medidas de control de calidade durante a execución das obras co obxectivo de minimizar os riscos asociados a unha deficientes execución dos firmes.*

- ***Anexo 05: Estudo de tráfico***

  *Achégase un estudo de tráfico que xustifica os valores adoptados para o dimensionamento dos firmes e que ten en contan as intensidades de vehículos pesados durante a fase de execución.*

- ***Anexo 06: Trazado***

  *Especificase neste Anexo que o trazado viario foi obxecto de definición na modificación do Plan Parcial e xustifícase a inclusión de pequenos axustes puntuais de xeometría que atenden á necesidade de ampliar os radios de xiro para facilitar a circulación de vehículos, pero respectando en calquera caso os anchos mínimos das beirarrúas.*

*Observación 1*

*Dentro deste polígono atópase a parcela de equipamento EQ-IIIB na que, a data de emisión deste informe, está prevista a execución dun novo centro de educación secundaria. Tendo en conta os novos fluxos de comunicación, peonil e motorizada, que vai xerar este equipamento, compre dicir o seguinte:*

- *O proxecto da nova instalación deberá ter en conta no seu deseño as demandas de manobra e aparcamento dos vehículos que accedan ó centro, tanto particulares como de transporte do alumnado, de xeito que a súa implantación se coordine co rueiro proxectado.*

  *Estas medidas tamén deberán terse en conta á hora de dimensionar e ubicar os pasos peonís e o equipamento urbano (aparca bicicletas, papeleiras, recollida de residuos,…)*

- *Neste mesmo eido, e co obxectivo de protexer a masa forestal ZV-IIIB-1, suprimiuse na MPP o tramo de vial V-III-A que unía as rúas Teixugueiras e Xuncal. Esta xeometría viaria deberá facerse compatible coas entradas e saídas o novo centro e, en todo caso, deberá axustarse o seu deseño durante a fase de execución para evitar a redución de carrís agora planeada.*




*Figura 1. Deseño viario do entorno da parcela de equipamento EQ.IIIB.*

*Por outra banda, en sucesivos informes sinalouse dende os servizos técnicos da XMU que é práctica habitual nos desenvolvementos urbanísticos establecer xardineiras baixas, ou zonas axardinadas, no ensanche das esquinas tanto en rotondas como en interseccións viarias, de xeito que o peón quede protexido ante a eventual saída dun vehículo de a estrada, e evitar tamén o estacionamento inadecuado neses puntos. Esta demanda foi parcialmente atendida no proxecto, máis considerase que podería ter unha implantación maior no mesmo durante o desenvolvemento da enxeñaría de detalle asociada á execución dos traballos co obxectivo último de aumentar a seguridade dos peóns.*

*De outra banda, no proxecto xustifícase a dotación de aparcamentos incluídos no proxecto e analízase a súa suficiencia respecto do establecido na modificación do Plan Parcial.*

- *Mobilidade ciclista*

*A mobilidade ciclista resólvese, de acordo con establecido na MPP, co deseño dun carril ciclista que percorre a meirande parte do ámbito. Os cambios de trazado deste carril ó respecto do previsto inicialmente, son mínimos e atenden a criterios ben xustificados que buscan incorporar as leccións aprendidas dende a recente implantación xeneralizada deste tipo de vías.*

- *Espazos libres de uso público*

*A partir do sistema de espazos libres definido na MPP, o autor refire os criterios empregados para a urbanización destes espazos. De xeito más pormenorizado, descríbese a actuación prevista en cada unha das zonas verdes do Polígono 2B. O deseño destas zonas verdes atende de modo xeral ás prescricións trasladadas desde os servizos municipais.*

*O proxecto do novo equipamento a instalar na EQ-IIIB deberá axeitarse á protección da zona ZV-IIIB-1. En particular, deberá verificarse que a implantación da beirarrúa que circunda esta parcela e os servizos que discorren por ela, con especial atención ás conducións de saneamento, son compatibles con esta protección.*

- ***Anexo 07: Deseño de firmes***

*O documento describe os criterios xerais que se tiveron en conta para o deseño dos paquetes de firmes das calzadas e a súa adaptación ás características xeotécnicas do terreo.*

*En reiteración do comentario feito anteriormente, deben extremarse os coidados durante a execución para evitar que se reproduzan as incidencias de fases anteriores.*

*Do mesmo xeito, se xustifica o dimensionamento dos pavimentos empregados nas beirarrúas, aparcamentos, carril ciclista, sendas en áreas axardinadas, áreas estanciales en zonas verdes e áreas de xogos e exercicio. Tamén se relatan os bordos e límites empregados para delimitar as distintas áreas.*

- ***Anexo 08: Redes de Servizos***

*Dentro da memoria especifícanse os criterios adoptados para o deseño das redes de servizos máis senlleiras:*

- *Redes de saneamento*

*Na memoria e no Anexo 8: Redes de Servicios, especifícanse os criterios de dimensionamento e as características principais de das redes de colectores a augas residuais e pluviais que forman parte do sistema de saneamento.*

*No proxecto incorpóranse, con carácter xeral, as observacións realizadas nos informes solicitados á empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Vigo e asúmese a realización dos ensaios e probas necesarios para comprobar a boa execución das obras e a calidade dos materiais a máis da conservación das obras executadas durante o prazo de garantía. •*

- *Redes de abastecemento*

*O dimensionamento das redes de abastecemento recóllese no Anexo 8: Redes de Servicios recóllense os criterios de deseño das redes de abastecemento e as súas conexión co exterior do ámbito.*

*No proxecto incorpóranse as observacións realizadas nos informes solicitados á empresa concesionaria do servizo de abastecemento do Concello de Vigo e asúmese a realización dos ensaios e probas necesarios para comprobar a boa execución das obras e a calidade dos materiais a máis da conservación das obras executadas durante o prazo de garantía.*

*Suxírese estudar a posible prolongación da canalización do vial V-III-3 ata chegar ó V-III-D.1 para acadar un mallado da rede.*

*As conexión cos servizos existentes axústanse ao requirido pola concesionaria do servizo.*

*Pola súa banda, as redes de rega semellan axustarse as prescricións trasladadas polos servizos municipais.*

- *Alumeado público*

*En xeral, estas redes axústanse as prescricións emitidas polo departamento de servizos electromecánicos do Concello de Vigo e asúmese a realización dos ensaios e probas necesarios para comprobar a boa execución das obras e a calidade dos materiais a máis da conservación das obras executadas durante o prazo de garantía. Igualmente, asúmese a execución das obras accesorias, incluso as non previstas cuxa necesidade ou conveniencia determínese no curso da realización dos traballos.*

*O proxecto inclúe un estudo para manter o servizo de alumeado público durante a execución das obras e, a máis da revisión pertinente, verificáronse cos técnicos proxectistas os seguintes aspectos:*

- *Os valores resultantes do estudo de iluminación son acordes coa clase de iluminación seleccionada, que cumpre coa normativa de eficiencia enerxética para o alumeado público destas zonas (vía, beirarrúa,...).*
- *No estudo de iluminación tivéronse en conta os tramos cos anchos de carril, aparcamento e beirarrúa correspondentes.*
- *No estudo de iluminación non se tiveron en conta as árbores, pero non coinciden cos puntos de luz e en todo caso controlarase a súa colocación in situ para evitar sombras.*

*Por último, solicitouse a inclusión no proxecto dun estudo definitivo de iluminación "in situ" cuxos resultados deberán cumprir os valores previamente consignados. Polo tanto, unha vez rematada esta instalación, dentro da documentación final aportada ó concello de Vigo, esixirase a entrega do estudo de iluminación "in situ" para comprobar os niveis de iluminación.*

- *Outras redes*

*O proxecto contén un estudo para a implantación da rede de gas natural e de telecomunicacións que semellan adaptadas as prescricións vixentes nesas materias e ás emitidas polas compañías suministradoras .*

- ***Anexo 09: Estudo Ambiental***

*Incorporase un estudo ambiental que debe recoller os requisitos impostos polo Informe de impacto ambiental de data 28 de xaneiro de 2021. Corresponde ó promotor verificar a implantación das medidas recollidas no estudo e velar polo seu seguimento.*

*Este anexo contén nun apéndice específico o referido Informe de Impacto Ambiental emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.*

- ***Anexo 18: Equipamento urbano***

*Neste anexo inclúense as fichas dos elementos que constitúen o equipamento urbano de parques infantís e zonas biosaudables, así como outros elementos de mobiliario urbano que se vaian instalar no proxecto (bancos, papeleiras, depósitos de residuos, fosas, porta bicicletas, fontes).*

*Segundo o proxectista, trátase dunha documentación técnica de referencia recollida na fase de proxecto, descritiva do características estéticas, materiais, funcionais e de durabilidade requiridas para cada unha das elementos do equipamento urbano, con independencia da vivenda comercial que os subministre.*

*De calquera xeito, a empresa contratante das obras deberá xustificar a equivalencia de prestacións da elementos de equipamento urbano respecto dos exixidos neste proxecto e detallados neste anexo e poñer calquera cambio en coñecemento dos servizos municipais responsables desta área.*

- ***Anexo19: Solución ó tráfico durante a execución das obras***

*Neste estudo defínense as actuacións recomendadas para o mantemento da circulación e os seus niveis de seguridade durante a execución das obras, xa que calquera interferencia, ben na plataforma ou nas súas proximidades, pode representar un perigo para a circulación, interferindo no seu normal desenvolvemento.*

*Pola súa natureza, este estudo deberá ser obxecto de revisión permanente durante a execución dos traballos e esixirá de coordinación e comunicación permanente cos servizos de seguridade e mobilidade do Concello de Vigo.*

- ***Resto de Anexos: 10,11,12,13,14,15,16,17***

*Sen comentarios relevantes para esta aprobación inicial una vez verificada a súa inclusión no documento.*

### *2.3. Planos*

*Sen comentarios relevantes máis aló dos incluídos nas observación que forman parte deste informe e dos que seguen:*

- *Debe modificarse a sección transversal tipo do vial V-III-5 que figura no plano MTP.04.3 en tanto que non se axusta o deseño acordado e que figura nos planos de planta.*
- *No plano de xardinería JAR.01 figuran especies arbóreas (Lyquidambar Styraciflua e Platanus Acerifolia) que na documentación achegada aparecen substituídas por outras máis axeitadas (Pyrus Calleryana Chanticleer e Acer Platanoides Grimson).*

***2.4. Pliego***

*Corresponde ó proxectista velar por una correspondencia entre as unidades descritas no PPTP e as descripción incluídas nos prezos do presuposto. Do mesmo xeito debe velarse por unaha correspondencia entre as condición de abono descritas e as formas de medición dispostas para cada un dos prezos.*

***2.5 Presuposto***

*O documento ten os contidos mínimos esixibles sen formar parte do alcance da presente revisión o contraste das medicións incluídas no mesmo.*

***3. Conclusións***

*A derradeira documentación presentada o 22 de febreiro de 2022 sobre o Proxecto de Urbanización do Polígono 2B do Plan Parcial de Navia considerase completa e axeitada para proceder á súa aprobación inicial de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223 e 225 do seu Regulamento de desenvolvemento.*

*Non obstante, recóllense dentro deste informe unha serie de observacións que, en calquera caso, non se consideran incompatibles con esta proposta de aprobación inicial.(...)".*

Faise constar expresamente, por esta técnica de Admon. Xeral adscrita ao departamento de planeamento e xestión , que redacta e asina á presente proposta de acordo, no eido das atribucións que ten conferidas, que a referida observación técnica ,á que alude o enxeñeiro de camiños, canais e portos desta XMU, reviste un alcance menor e compatible coa presente proposta de aprobación inicial, e será obxecto de subsanación con carácter previo á aprobación definitiva do presente proxecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa Básica aplicable

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- 2ªModificación Puntual do Plan Parcial de Navia (Exp.15666/411), aprobado definitivamente polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo con data do 29.07.2020,
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar ,

II.-  Natureza, Obxecto e Ámbito do proxecto de urbanización

O presente expediente, trae causa da 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia, instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no vixente PXOU-93, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo co obxecto de reordenar as etapas III-B, IV, V e VI (pendentes de desenvolvemento) a fin de, segundo o solicitado, adaptar a ordenación destas etapas á normativa vixente e corrixir as disfuncións detectadas polo dito órgano, sen alterar as determinacións urbanísticas orixinalmente previstas para as etapas xa urbanizadas e executadas.

A ordenación detallada propón para os terreos pendentes de transformación, ente o polígono de Navia xa executado e o tecido residencial extensivo de Navia cara ao Oeste , e a trama urbana de Coia cara o Este-que abarca as 27 ha de solo que restan por desenvolver- unha ordenación mixta de edificación en bloques de IV e V plantas e vivendas unifamiliares que se asentarán de forma gradual na transición entre o tecido extensivo da parroquia de Navia e os bloques de vivenda de maior altura do polígono xa executados.

A edificabilidade total lucrativa que dita MP proxecta é de 717.775 m2c (605.528 m2c residenciais e 112.247 m2c para usos terciarios). Tendo en conta a edificación xa materializada nas etapas xa executadas (416.413 m2c de uso residencial e 67.246 m2c terciarios), a edificabilidade remanente que se propón nesta modificación para as etapas que restan por executar ascende a 234.116 m2c (189.115 m2c en uso residencial e 45.001 m2c de uso terciario), para aproximadamente 1.599 vivendas máis, que sumadas ás 3.732 xa executadas farán un total de aproximadamente 5.331 vivendas.
A modificación puntual propón para as fases pendentes de desenvolvemento urbanístico unha dotación de 22.757 m2 de zonas verdes, 23.946 m2 de equipamentos, 1.213 prazas de novos aparcamentos públicos e a plantación de 2.341 árbores, o que cumpre as reservas mínimas establecidas na LSG para todo o sector de solo urbanizable.



Vista área do ámbito.- fonte proxecto achegado, autoría Proyfe, SL

A MP delimita tres polígonos para o desenvolvemento da ampliación, identificados como polígono 1, polígono 2 e polígono 3,  con  dúas fases para cada un deles;




Zonificación dos polígonos de urbanización previstos

No que aquí nos interesa, respecto ao polígono 2B, abrangue unha superficie de 61.823 m2, que se corresponde coa etapa III B, a separación de fases do polígono 2B, trae causa da descontinuidade do ámbito, e se corresponde cos terreos de transición entre o polígono de Navia xa executado e o tecido residencial de Navia cara o Oeste, e a trama urbana de Coia cara o Este.

III.-Dos Proxectos de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento(RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe "execución e conservación de obras de urbanización," dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización da 2ª MP de Navia, (Polígono 2B) coas características e resto de parámetros descritos.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro de camiños, canais e portos, desta XMU no informe emitido con data do 24.03.2022.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU en data 24.03.2022 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informe que se incorpora ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

IV.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o Proxecto de expropiación, como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

V.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

VI.- Da aprobación inicial

O acto de aprobación inicial non é máis que o exame do proxecto elaborado e decisión, no seu caso, de que se inicie o procedemento legal, coa subsecuente información pública para a expedición do acto administrativo definitivo, polo que no seu propio alcance está explícita a súa natureza como verdadeiro acto de trámite dirixido a preparar e posibilitar ulteriores decisións, cunha impugnabilidade independente, tanto en vía administrativa como na xurisdicional, agás que sexa denegatorio e impida a continuación do procedemento.

VII.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade co informe técnico incorporado ao expediente subscrito con data do 24 de marzo de 2022, que se incorpora e forma parte da presente proposta de acordo, e lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP,- no que conclúe que a derradeira documentación presentada o 22 de febreiro de 2022 referente ao proxecto de urbanización do polígono 2 B de Navia, considérase completa e axeitada para proceder a súa aprobación inicial,

Por canto antecede, **proponse á Xunta de Goberno Local**, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

**ACORDO**

**Primeiro.-** Prestar aprobación, con carácter inicial, ao »Proxecto de urbanización do Polígono 2B do Plan Parcial de San Paio de Navia », documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 (Doc. núm.220039177) , redactada por PROYFE SL, con data febreiro de 2022, e asinada na mesma data, con firma dixital válida, pola arquitecta Lorena Pardiñas lamas, o enxeñeiro de camiños, canais e portos David Pardiñas Lamas, e o enxeñeiro industrial Pablo Alonso Lago, instrumento urbanístico promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.

**Segundo.-** Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia-computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos, así como as empresas operadoras de telefonía, e as prestadoras de servizos-, Aqualia, Unión Fenosa e Gas Galicia.

**Terceiro.-** Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, os informes sectoriais que resulten preceptivos, en atención ás características do ámbito.

**Cuarto.-** Advírteselle á promotora da presente actuación que, con anterioridade á súa aprobación definitiva, esixirase documento refundido da documentación aprobada ,coas modificacións que se puideran introducir por mor das alegacións que sexan estimadas no proceso de información pública ,dos informes sectoriais que se emitan, así como as que deriven e den cumprimento debido, á observación técnica referida, que tal e como se ten indicado no corpo da presente, reviste un alcance menor e compatible coa presente proposta de aprobación inicial

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 13(221).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE PENSOS E DEMAIS FORRAXES PARA A FAUNA DE VIGOZOO. EXPTE. EXPTE. 11158/612.

Visto o informe xurídico do 24/03/2022 e o informe de fiscalización do 25/03/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/03/2022, asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo, a concelleira delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Concello de Vigo

Debido a necesidade de contratación do subministro de alimentación para manutención da fauna deste Servizo de VigoZoo, nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse de subministro de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para o subministro de alimentación de pensos e demais hortalizas para o consumo dos animais de VigoZoo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ( en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades de alimentación da fauna de VigoZoo co subministro de diverso penso e forraxes.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, a necesidade de facelo se xustifica en que para a manutención da fauna deste servizo de VigoZoo é imprescindible e necesario a contratación con empresas de subministro de alimentos para garantir dito subministro e preservar a saúde da fauna do Parque.

Como consecuencia do anterior, con data de 27 de setembro de 2021, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de VigoZoo.

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Veterinario e Director de Réxime Interior de VigoZoo o 27/09/21 e pola Concelleira de Medio Ambiente coa mesma data.
- Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para o inicio do expediente do 27 de setembro de 2021.
- Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable de 07/03/2022.
- Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Veterinario de VigoZoo o 07/03/2022, o Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 07/03/22.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Veterinario de VigoZoo o 07/03/2022.
- Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral-Contratación e a xefa do Servizo de Contratación o 09/03/22, sobre a comprobación documental do expediente.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación e a xefa do Servizo de Contratación asinado o 09/03/22.

2.- Condicións definitorios do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, no subministro de pensos e demais forraxes para o consumo da fauna animal no parque zoolóxico de VigoZoo de acordo coas previsións contidas no Plan de Nutrición Animal elaborado polo Veterinario de data 01/03/2010, e de acordo coas características previstas no prego de prescrición técnicas.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sinálase o orzamento base de licitación (47.803.48 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (3.259,10 €) e o valor estimado (97.997,64 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído) coa posibilidade dunha prorroga de dous anos de duración.

- Ano 2022: 11.950,87 €
- ano 2023: 23.901,74 €
- ano 2024: 11.950,87 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.221.05.00 "Penso de Animais".

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos términos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos términos previstos na LCSP.

Este subministro nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos, establecéndose unha prórroga de dous anos de duración, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento efectuarase, unicamente polos subministros efectivamente entregados e de acordo aos prezos unitarios recollidos na cláusula 1 do PPT unha vez aplicada a baixa proposta polo adxudicatario, previa presentación e conformidade da factura por parte do responsable do contrato.

Facturarase a finais do mes e incluiranse todos os pedidos efectuados durante o mesmo. A factura realizárase en función do material servido, non do material solicitado. As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Nas facturas deberá indicarse o alimento subministrado, a cantidade e o prezo unitario do mesmo, ademais debe acompañarse de albaran ou albarans de entrega da mercancía asinado polo responsable do contrato

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Veterinario de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil por unha contía mínima de 100.000 € para cubrilas continxencias que se puideran producir derivadas da prestación do subministro.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Veterinario de VigoZoo o 07/03/22, o Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 07/03/22, explícanse e motivan o criterio elixido e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración dun criterio:

1. Baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios recollidos na cláusula 3G das FEC: valorarase con ata 75 puntos.
2. Características ofertadas: valorarase con ata 25 puntos.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do subministro de pensos e demais hortalizas para a fauna de VigoZoo (exp. 11158-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 07/03/22 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 09/03/22.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 47.803,48 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (3.259,10 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.00 "Pienso de Animais".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de adxudicación da contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos. Expte. 25377/332.

\- Expediente de contratación polo procedemento aberto das obras de "conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo". Expte. 1200/441.

.- Continuidade na prestación dos servizos do contrato maior para a xestión da escola infantil municipal Mestres Goldar – Castrelos. Expte. 16774/332.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**14(222).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MESTRES GOLDAR-CASTRELOS. Expte. 25377/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 30/03/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 10 de febreiro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación URXENTE dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescripcións técnicas (e anexos) de 20/09/2021 redactado polo Servizo de Educación (coa rectificación no Anexo 3 aprobada pola XGL de data 05/11/21), e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 07/02/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos, por procedemento aberto.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 979.813,04 euros (172.951,80€ na anualidade de 2022; 244.953,26€ nas anualidades de 2023, 2024 e 2025; e 72.001,46€ na anualidade de 2026), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.14 (“EIM Mestres Goldar-Castrelos”), e bolsa de vinculación.*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 24 de marzo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332) na seguinte orde descendente:*

| | ***Licitadores*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.* | *98,32* |
| *2* | *AURORA PILAR Y ANA, S.L.* | *86,00* |
| *3* | *KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.L.* | *50,53* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109), para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigos 150.2, 137 e 119 da LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o día 24 de marzo de 2022, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 30 de marzo de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 21 e 24 de marzo de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 892.540 euros, exento de IVE.*
b) *Propón un incremento das horas de dedicación do Servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-) de 10 horas/semana.*
c) *Propón a achega de materiais didácticos por importe de 5.000,54 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(223).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE "CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO". Expte. 1200/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 30/03/2022, dáse conta do informe-proposta de data 25/03/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 1 de xuño de 2021 , acordou adxudicar a ARENAS ASOCIADOS INGENIERÍA DE DISEÑO, S.L.P., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do SERVIZO DE ESTUDO PREVIO, REDACCIÓN DE PROXECTO, DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS PARA A CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE, Expte. 827-441.

**II.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 17.02.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data , a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18.02.2022 aprobou o proxecto de "CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Miguel Sacristán Montesinos, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOCE MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E SEIS MIL CORENTA E OITO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS. ( 12.676.048,79 €), de data decembro de 2021 e sinatura dixital de data 11.01.2022 (Expte.5220-443).

**III.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:
A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 18.02.2022 e que se corresponde co expediente administrativo 5220-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas

redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Miguel Sacristán Montesinos de sinatura dixital de data 11.01.2022.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 18 de febreiro de 2022.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 21 de febreiro de 2022.

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 21 de febreiro de 2022.

E) Informe favorable sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 22.02.2022.

F) Certificados de crédito RC/REM nº 202200013540 e RC/FUT nº 202200013569 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.

G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 22 de febreiro de 2022.

H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 10 e 11 de marzo de 2022.

I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 11 de marzo de 2022.

J) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 18 de marzo de 2022.

K) Corrección da Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 22 de marzo de 2022.

L) Corrección do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 25 de marzo de 2022.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato

e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 17.02.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Séxto**.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de " "CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Miguel Sacristán Montesinos.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 25.03.2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "DOCE MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E SEIS MIL CORENTA E OITO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS" (12.676.048,79 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 2.199.975,41 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6090063 "FRTR-EU ACCESO S.AVENDAÑO V.NORTE". Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

| | |
|---|---|
| 2022 | 2.770.489,89 € |
| 2023 | 9.905.558,90 € |
| **TOTAL** | **12.676.049,79 €** |

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 357,54%.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 16(224).- CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO CONTRATO MAIOR PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MESTRES GOLDAR – CASTRELOS. Expte. 16774/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 31/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) “Mestres Goldar” (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto de de servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) “Mestres Goldar” (PPT).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 10 de abril de 2015, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o expediente de contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) “Mestres Goldar” (expediente 16774-332), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** En data 15 de marzo de 2016, a XGL acordou adxudicar o citado procedemento a Colegio Los Milagros S.L., por un prezo de 677.040 euros, e un prazo de catro anos con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (apartados 4 A e D das FEC do PCAP).

O contrato formalizouse o 7 de abril do mesmo ano e comezou a súa execución ese mesmo día.

Foi obxecto de dúas prórrogas aprobadas pola XGL en datas 2 de abril de 2020 e 19 de febreiro de 2021 respectivamente. A última delas rematará o próximo 7 de abril de 2022.

O prezo foi obxecto de revisións aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de 12 de marzo de 2020, 21 de xaneiro de 2021 e 21 de xaneiro de 2022. Na actualidade o importe anual é de 199.687,10 euros, que se divide en once mensualidades de 18.153,37 euros.

**Terceiro.-** En data 29 de outubro de 2021, a XGL acordou a aprobación do expediente de contratación do servizo dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar – Castrelos a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente 25377-332), a autorización do gasto correspondente e a apertura do procedemento de licitación. O anuncio de licitación deste procedemento foi publicado o 5 novembro no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** En data 26 de novembro de 2021, a Unión Comarcal de Vigo do Sindicato Nacional Comisiones Obreras de Galicia interpón recurso especial en materia de contratación contra os pregos que rexen a contratación do servizo de xestión parcial da Escola Infantil Municipal Mestres Goldar – Castrelos. Este recurso é estimado parcialmente por Resolución nº 266/2021, de 23 de decembro de 2021, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), que ordea a retroacción do procedemento para a corrección da documentación contractual.

**Quinto.-** En data 10 de febreiro 2022 a XGL aproba o expediente de contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos, unha vez corrixida a documentación obrante no mesmo para adaptala á citada resolución do TACGAL, e a apertura do procedemento de contratación. O anuncio de licitación publicouse o 16 de febreiro de 2022 no Diario Oficial da Unión Europea e no

perfil de contratante do Concello de Vigo, e abriuse o prazo de presentación de ofertas.

**Sexto.-** En data 9 de marzo de 2022 o contratista durante o trámite de audiencia conferido ó efecto manifesta a súa conformidade coa continuidade do contrato nos mesmos termos ata a formalización do novo contrato.

**Sétimo.-** Durante o prazo de licitación presentaron oferta os seguintes operadores económicos:

1. AURORA PILAR Y ANA, S.L.
2. COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.
3. KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.

Todos eles resultaron admitidos neste procedemento por acordo da mesa de contratación de 17 de marzo de 2022.

**Oitavo.-** En data 17 de marzo de 2022, a xefa do servizo de Educación solicita ao servizo de Contratación a tramitación da continuidade do contrato actualmente en vigor ata que se poda formalizar o novo contrato.

**Noveno.-** En data 30 de marzo de 2022, a Mesa de Contratación acordou propor á XGL a adxudicación do procedemento citado no apartado anterior a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.

**Décimo.-** En data 30 de marzo de 2022, a xefa do servizo indica en dilixencia o custe previsto da continuidade do servizo e a aplicación orzamentaria á que se imputará.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### -I-

### Réxime xurídico aplicable

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

**-II-**

**Da finalización do prazo do contrato de servizos de xestión da escola infantil municipal MESTRES GOLDAR – CASTRELOS (expediente -332) con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo**

O contrato de servizos de xestión da escola infantil municipal MESTRES GOLDAR – CASTRELOS adxudicouse a Colegio Los Milagros S.L., por acordo da XGL de 15 de marzo de 2016, por unprazo de catro anos con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (apartados 4 A e D das FEC do PCAP).

O contrato formalizouse o 7 de abril do mesmo ano e comezou a súa execución ese mesmo día.

Finalizado o prazo inicial o contrato foi prorrogado por sendos acordos da XGL de 2 de abril de 2020 e 19 de febreiro de 2021 respectivamente. A última delas rematará o próximo 7 de abril de 2022.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse pola XGL o 29 de outubro de 2021, un novo expediente de contratación que abrangue as prestacións obxecto do mesmo (expediente 25377-332). No entanto, os pregos que rexen este contrato foron obxecto dun recurso especial en materia de contratación interposto pola Unión Comarcal de Vigo do Sindicato Nacional Comisiones Obreras de Galicia o 26 de novembro de 2021. Este recurso foi estimado parcialmente por Resolución nº 266/2021, de 23 de decembro de 2021, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), que ordea a retroacción do procedemento para a corrección da documentación contractual.

Unha vez corrixida a documentación obrante no mesmo por mor da nulidade de actuacións preparatorias do contrato, para adaptala á citada resolución do TACGAL, a XGL aprobou o 10 de febreiro 2022 o expediente de contratación e acordou a apertura do procedemento de contratación.

Na actualidade, a Mesa de Contratación, na sesión de 30 de marzo de 2022, acordou propor á XGL a adxudicación do procedemento citado no apartado anterior a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.

Dado que tratase dun contrato suxeito a regulación harmonizada, unha vez acordada a adxudicación do contrato, prevista para o día 1 de abril deste ano, e notificada non poderá formalizarse ata que finalice o prazo de 15 días hábiles de interposición do recurso especial en materia de contratación (artigo 153.3 LCSP), e ilo sempre que non sexa interposto durante este prazo o citado recurso por algún interesado. Suposto no que se demoraría a data de formalización, pois a impugnación do acto de adxudicación acarrexa por imperativo legal a medida cautelar de suspensión do procedemento (artigo 53 LCSP).

Na actualidade, é imposible garantir a continuidade na prestación do servizo, pois o contrato en vigor remata antes que o prazo de interposición do recurso especial.

**-III-**

**Necesidade da prestación dos servizos de de servizos das escolas infantis ata a adxudicación do novo contrato**

O contrato que nos ocupa ten por obxecto diferentes prestacións necesarias para o funcionamento das escolas infantís municipais. Tal e como consta no informe da xefa do servizo de Educación, de data 17 de marzo de 2022, "*As Escolas Infantís Municipais (EIM) son centros de titularidade municipal que escolarizan a nenos de 0 a 3 anos empadroados no termo municipal, a través dos cales o Concello de Vigo pretende ofrecer aos cidadáns un servizo educativo para a primeira infancia dende unha dobre vertente:*

- *Educativa, entendida como unha prestación que nace do dereito do neno á educación e ao desenvolvemento integral da súa personalidade (físico, afectivo, intelectual, moral e social), nun ambiente axeitado ás súas necesidades e en contacto con outros nenos. Esta función educativa é complementaria á educación recibida no seo do propio ambiente familiar.*
- *Asistencial, xa que ao mesmo tempo pretende ofrecer un servizo de carácter social ás familias traballadoras do municipio, mediante horarios que permitan a correcta conciliación da vida familiar e laboral.*

*(...) estamos diante dun servizo prestado polo Concello, que cobre unha necesidade social de primeiro orde e cuxa prestación por parte da administración local está prevista na lexislación de aplicación. A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno desatendendo tanto aos nenos que se cuidan e educan nas indicadas escolas como ás súas familias".*

Desprendese do citado informe a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo durante a substanciación do recurso e ata a súa resolución. Do contrario, habería que pechar a escola, o que ocasionaría un grave problema aos nenos e familias usuarias do servizo.

**-IV-**

**Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo**

Como expúxose no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación dos servizos obxecto deste contrato.

Esta circunstancia, tal e como se deduce da relación fáctica dos antecedentes, non é imputable a esta Administración, senón que se debe a interposición dun recurso especial en materia de contratación.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que retarden á mesma e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto. Singularmente, dende a regulación no noso ordenamento xurídico do recurso especial en materia de contratación, non é infrecuente que aconteza esta circunstancia tras sucesivas interrupcións do expediente, orixinadas pola interposición dun ou varios re-

cursos especiais. Pois o artigo 53 da LCSP establece obrigatoriamente a medida cautelar de suspensión forzosa para o suposto de impugnación da adxudicación,

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que carrexaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período, que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo. Se ben a condiciona a concorrencia das seguintes circunstancias:

1 A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.

2 Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.

3 Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- ➢ O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- ➢ Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

Como se ten dito, os contratos réxense pola normativa vixente no momento da súa formalización, e este precepto non lle sería de aplicación. No entanto, o artigo 35.3 do TRLCSP, aplicable o presente contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que “Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”. No mesmo sentido recolle estes efectos o artigo 42 da vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

No presente caso o TACGAL ao estimar parcialmente o recurso especial interposto contra os pregos provocou a nulidade das actuacións preparatorias, resultando necesario retrotraer o expediente ao momento inicial, e establecer o orzamento base de licitación.

Ante a inminencia da finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contrato por mor da retroacción das actuacións e a nova aprobación do expediente, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que no presente caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1 A non formalización en prazo do novo contrato é consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación. Neste caso, a nulidade das actuacións preparatorias do expediente de contratación, en concreto os pregos.

O anuncio de licitación do procedemento foi publicado o 5 novembro de 2021 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello de Vigo.

2 Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato. Efectivamente, este é un servizo destinado a escolarización de nenos de 0 a 3 anos. Tal e como se desprende do citado informe do servizo neno este servizo persegue, por unha banda, unha función educativa con relación aos menores, cal é a súa educación e o desenvolvemento integral da súa personalidade (físico, afectivo, intelectual, moral e social), nun ambiente axeitado ás súas necesidades e en contacto con outros nenos. E por outra banda, cumpre unha función asistencial, pois pretende ofrecer un servizo de carácter social ás familias traballadoras do municipio, mediante horarios que permitan a correcta conciliación da vida familiar e laboral. A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno os cidadáns, desatendendo tanto aos nenos que verían interrompida a súa escolarización como as súas familias.

3 O anuncio de licitación do novo contrato foi publicado con máis de tres meses de antelación á data de finalización do contrato orixinal. O contrato que nos ocupa finaliza o día 10 de novembro e o anuncio de licitación do primeiro procedemento que quedou deserto foi publicado no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo o día 5 de xullo.

No ámbito local, a fundamentación da figura da prórroga "*obrigatoria*" podería fundamentarse no artigo 128.1. 1º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que impón ao concesionario a obriga de prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente. Trátase dunha regra fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo, á que tamén obedecen os artigos 246 b) e 280 a) do TRLCSP.

A xurisprudencia tamén se ten pronunciado sobre esta cuestión. Exemplo é a sentenza do Tribunal Supremo do 18 novembro de 1986:

> *«(...) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, l*a Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un <u>contrato de limpieza</u> del Hospital Insular».

E a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Canarias do 1 de marzo de 1999 di que*:*

> *«Al regular el art. 127.1 RS las potestades exorbitantes de que gozará la Administración en los contratos de servicios públicos señala que la Corporación concedente ostentará sin perjuicio de las que procedan, las potestades siguientes: 1º Ordenar discrecionalmente, como podría disponer si gestionare directamente el servicio, las modificaciones en el concedido que aconseje el interés público y, entre otras: a) la variación en la calidad, cantidad tiempo o lugar de las prestaciones en que el servicio consista, y b) la alteración de las tarifas a cargo del público y en la forma de retribución del servicio. Si observamos atentamente los preceptos transcritos siempre hacen referencia a la posibilidad de introducir modificaciones en el servicio. Por modificar hay que entender «cambiar una cosa mudando alguno de sus accidentes». Según la doctrina civilista se consideran, por regla general, condiciones accidentales del contrato las que se refieren a la cantidad, modo, tiempo o lugar de las obligaciones.* La prórroga de la duración del contrato podría tener cabida dentro de la potestad de modificar el servicio (…)».

Especialmente relevante é a sentenza 143/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Vigo de 25 de abril (RCA 503/2015 P.O.), en canto á aplicación do artigo 35.3 do TRLCSP xa que analiza a aplicación analóxica do artigo 65.3 do TRLCAP coa mesma redacción, precisamente en relación coa continuidade dun contrato de limpeza do Concello de Vigo:

> "*Aunque el presente caso no constituya exactamente el supuesto de hecho contemplado por el artículo 65.3 del TRLCAP, ya que el contrato suscrito por la actora y el Concello en el año 2001 sucesivamente prorrogado hasta el 31 de agosto de 2005 no se declaró nulo de pleno derecho, sino que que simplemente expiró su vigencia, en ambos casos se trata de situaciones en las que el servicio contratado por la Administración a una empresa y que esta ha venido prestando con unas determinadas condiciones deja de tener sobrevenidamente el amparo de un contrato (en el caso del artículo 65.3 del TRLCAP porque se declara la nulidad del contrato, en el presente caso porque expiró su vigencia) y se hace necesaria una respuesta de urgencia para asegurar la continuidad del ser servicio público, evitando el grave trastorno al mismo que deriva del hecho de que el contrato se haya declarado nulo ( o en nuestro caso, que haya expirado su vigencia, no pueda ser prorrogado y no sea posible de forma inmediata una nueva contratación) permitiendo la continuación, ya no del contrato como tal sino de sus efectos, permitiendo de esta forma la continuidad materlal en la prestación bajo las mismas condiciones hasta que se puedan adoptar las medidas pertinentes para evitar el perjuicio. Esta finalidad es trasladable al presente supuesto mutatis mutandis, en que se hacía necesaria asegurar la prestación del servicio de limpieza de forma inmediata (...). La similitud del supuesto y la concurrencia de identidad de razón amparan la aplicación analógica.*"

Tamén o Informe 4/2016 da Junta Consultiva de Contratación administrativa de Canarias se ten pronunciado sobre esta cuestión no que conclúe:

*«Consecuentemente, puede concluirse que la legislación de contratación pública no contiene ninguna regulación que sea directamente aplicable a este caso. De ahí que resulte justificado acudir a otras fórmulas derivadas del derecho civil, o de la legislación de régimen local para alcanzar una solución al problema.*

*Podría acudirse a distintas figuras legales que son analizadas a lo largo del presente informe como la incidencia en la ejecución, la celebración de un contrato menor- que plantea el problema de la limitación de la cuantía y la imposibilidad legal de concatenación de diversos contratos de esta tipología; de una tramitación de urgencia, la determinación de la existencia de una prórroga forzosa por tácita reconducción- que cuenta asimismo con la objeción jurisprudencial de la prohibición de la existencia de "prorrogas tácitas" o, finalmente, la adopción de un acuerdo de continuación del servicio, el cual, elude la apariencia de fraude que ofrecen otras soluciones y exigiría un acuerdo que debe adoptarse de forma motivada antes de que el contrato se extinga; además, de que la duración de su vigencia ha de ser proporcionada a la necesidad».*

Aplicando analoxicamente o artigo 35.3 ó caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

**-V-**

**Condicións da continuidade do servizo**

Unha vez xustificada a necesidade de prestar os servizos necesarios para o funcionamento da escola infantil MESTRES GOLDAR, e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse a mesma.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada a marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima que como período máximo de continuidade do servizo sería de dous meses.

Para facer fronte os gastos derivados da continuidade do servizo informa o servizo xestor en dilixencia de 30 de marzo de 2022 que:

"A Mesa de contratación na data de hoxe, 30 de marzo de 2022, propón á Xunta de *Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*"Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil*

*municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 892.540 euros, exento de IVE.*
*b) Propón un incremento das horas de dedicación do Servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-) de 10 horas/semana.*
*c) Propón a achega de materiais didácticos por importe de 5.000,54 euros.*

*Prevese que a adxudicación do contrato sexa aprobada pola Xunta de Goberno Local na próxima sesión de 1 de abril de 2022. Se temos en conta que o prazo para interpoñer recurso especial en materia de contratación, 15 días hábiles, finalizaría o 26 de abril e que o TACGal normalmente resolve os recursos en menos dun mes, unha estimación razonable sería calcular que a execución deste novo contrato podería iniciarse o 1 de xuño de 2022. (Se non se interpón recurso a formalización realizaríase na última semana de abril)*
*O contrato vixente (expte. 16774/332) finaliza en data 7 de abril de 2022 polo que si o novo contrato (expte. 25377/332) se inicia o 1 de xuño, o período necesario de continuidade do vixente contrato sería de 1 mes e 23 días.*

*Os datos económicos dos referidos contratos son os seguintes:*

*Contrato vixente (expte.16774/332):*
*Custo anual contrato actual: 199.687,10€*
*Mensualidade contrato actual: 18.153,37€*
*Custo de un mes e 23 días do contrato actual: 32.070,90€*

*Novo contrato (expte. 25377/332):*
*Custo anual licitación novo contrato: 244.953,26*
*Mensualidade licitación novo contrato: 22.268,48 (RC efectuado para o período do 08/04 ao 31/12/2022: 172.951,80)*
*Custo mes e 23 días licitación novo contrato: 39.340,92*

*Custo anual oferta proposta de adxudicación novo contrato: 223.135,00*
*Mensualidade oferta proposta de adxudicación novo contrato: 20.285,00*

*En resumo, o custe da continuidade da prestación do servizo para este período (08/04/22 - 31/05/22) é de: 32.070,90€*
*23 días de abril (605,11€/día): 13.917,53*
*Mes de maio: 18.153,37*

*Nas operacións contables efectuadas no expediente 25377-332 para o período do 08/04 ao 31/12/2022 por importe de 172.951,80€ (RC nº 7292 e RCC nº 8063 do presente exercicio), existe crédito que non se vai utilizar ao iniciarse a prestación máis tarde do inicialmente previsto, crédito por un importe superior á previsión do gasto da continuidade do contrato actual durante un mes e 23 días. Compre así mesmo ter en conta a rebaixa sobre o prezo de licitación realizada na oferta do adxudicatario proposto, como se recolle nos datos económicos que anteceden".*

Consta no expediente a conformidade de COLEGIO LOS MILAGROS, para continuar executando o contrato nas mesmas condicións ata o inicio do novo contrato.

**-VI-**

**Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

> *"1º-. A continuidade de prestación do contrato dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) "Mestres Goldar" (expediente 16774-332) nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato.*
>
> *2º-. Autorizar o gasto para a continuidade do contrato tramitado no expediente 25377-332, para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 8 de abril ata o 31 de maio de 2022 polo importe máximo de 32.070,90 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.99.14 "EIM Mestres Goldar-Castrelos" e á súa bolsa de vinculación."*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(225).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez